

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

Orde do 20 de xullo de 2009 pola que se regula a construción e a xestión dos vertedoiros no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

A Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos, incorpora ao ordenamento xurídico español as disposicións establecidas na Directiva comunitaria 91/159/CEE, que modifica a Directiva 75/442/CEE, relativa aos residuos.

O Real decreto 1481/2001, do 27 de decembro, polo que se regula a eliminación de residuos mediante depósito en vertedoiro, desenvolve a Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e establece o réxime xurídico aplicable ás actividades de eliminación de residuos mediante o seu depósito en vertedoiros. Así mesmo, delimita os criterios técnicos mínimos para o seu deseño, construción, explotación, clausura e mantemento.

O Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión de residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Resíduos de Galicia, establece o procedemento xeral para autorizar esas actividades.

En Galicia a partir do ano 2005 elaborouse unha estratexia da vertedura con dous grandes obxectivos: restrinxir a vertedura de residuos e procurar que a vertedura que se teña que realizar se faga da maneira máis inocua e segura posible.

A publicación da Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia, reforza esta estratexia ao introducir restricións á vertedura de residuos, limitándoo a aqueles que non poden ser valorizados en instalacións da comunidade autónoma.

Esta orde introduce medidas nesta dobre dirección:

Para conseguir o obxectivo de restrinxir a vertedura, desenvolve o procedemento xeral de autorizacións de instalacións de eliminación regulados no Decreto 174/2005, do 9 de xuño, e precisa os mecanismos para evitar a vertedura dos residuos valorizables en Galicia; adecua as autorizacións dos vertedoiros a medida que se constrúen plantas de valorización de residuos capaces de recuperar os residuos que se eliminan; controla que a vertedura de residuos procedentes doutras comunidades autónomas se estea a realizar no marco da Lei 10/1998, do 21 de abril, básica de residuos; e regula a utilización de códigos de identificación de residuos para coñecer a súa idoneidade e controlar a súa rastrexabilidade.

Polo que se refire ao segundo obxectivo, establece a documentación que hai que presentar para avaliar que a construción do vertedoiro se realiza co menor custo ambiental posible; establece mecanismos para o control da admisión de residuos e o control e vixilancia durante a fase de explotación, clausura e

mantemento posterior; e regula o réxime da clausura e mantemento posclausura.

Xunto con estas medidas, esta norma tamén ten por obxecto establecer mecanismos dirixidos a que o prezo de vertedura non sexa competitivo co prezo da reciclaxe, e sexa suficiente para cubrir todos os gastos previstos no Real decreto 1481/2001, do 27 de decembro.

Así mesmo, esta orde regula as garantías que se deberán constituír para afrontar todos os gastos derivados da explotación, clausura e mantemento posclausura do vertedoiro, incluíndo, se fose o caso, o desmantelamento do vertedoiro, por exemplo, mediante a provisión do correspondente importe que deberá depositarse na caixa de depósitos da Comunidade Autónoma de Galicia.

Por último, aclara a situación dos vertedoiros existentes construídos con medios públicos e entregados aos concellos, no que se refire ás obrigas dos actores que interveñen na súa xestión, tanto durante a explotación dos vertedoiros como durante o período de clausura e mantemento posclausura.

Na súa virtude, de acordo coas competencias atribuídas á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas polo Decreto 316/2009, do 4 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e na disposición derradeira primeira do Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión de residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Resíduos de Galicia, así como no uso das atribucións que me confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, en relación cos artigos 27.30º e 30 do Estatuto de autonomía de Galicia,

DISPOÑO:

SECCIÓN PRIMEIRA
DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1º.-*Obxecto.*

O obxecto desta orde é o establecemento dunha normativa técnica adecuada para as actividades de eliminación de residuos mediante depósito en vertedoiros, desenvolvendo o disposto no Real decreto 1481/2001, do 27 de decembro, polo que se regula a eliminación de residuos mediante depósito en vertedoiro.

Artigo 2º.-*Definicións.*

Para os efectos desta orde, entenderase por:

a) Subproduto: os materiais, obxectos ou substancias sobrantas dun proceso de produción, transformación ou consumo que non teñan modificadas as súas propiedades e características orixinais e que se utilicen de forma directa como produto ou materia prima, sen se someteren previamente a unha operación de valorización ou eliminación e sen poñer en perigo a saúde humana nin lle causar prexuízos ao ambiente, así como aqueles materiais, obxectos ou

substancias defectuosas xeradas nun proceso produtivo que se reincorporan a este.

b) Solicitante: a persoa física ou xurídica que solicita unha autorización para establecer e/o xestionar un vertedoiro.

c) Entidade explotadora ou xestor: a persoa física ou xurídica responsable da xestión dun vertedoiro, segundo a lexislación española. Esta persoa pode cambiar da fase de explotación á do peche e mantemento posterior.

d) Valorización: todo procedemento que permita o aproveitamento dos recursos contidos nos residuos sen poñer en perigo a saúde humana e sen utilizar métodos que poidan causar prexuízos ao ambiente. Trátase das operacións R1 a R12 recollidas na Orde MAM/304/2002, do 8 de febreiro.

e) Valorización final: proceso de valorización do cal se obteñen materiais, obxectos ou substancias que se incorporan ao ciclo produtivo.

Artigo 3º.-*Clases de vertedoiro.*

Os vertedoiros clasificaranse nalgunha das categorías seguintes:

a) Vertedoiro para residuos inertes.

b) Vertedoiro para residuos non perigosos: inclúense dentro desta categoría os vertedoiros de residuos municipais e os de construción e demolición.

c) Vertedoiro para residuos perigosos.

Artigo 4º.-*Ámbito de aplicación.*

Esta orde aplicarase a todos os vertedoiros incluídos no ámbito de aplicación do Real decreto 1481/2001, do 27 de decembro, polo que se regula a eliminación de residuos mediante depósito en vertedoiro, que se atopen no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 5º.-*Réxime xurídico das autorizacións.*

1. O réxime xurídico xeral da autorización administrativa das actividades de eliminación de residuos en vertedoiro será o establecido na normativa sectorial específica de residuos, en concreto, na Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia e na súa normativa de desenvolvemento, tamén na normativa sectorial específica nesta materia e, de ser o caso, na de prevención e control integrados da contaminación, sen prexuízo das demais autorizacións e licenzas exixidas por outras disposicións.

2. O contido básico do proxecto construtivo do vertedoiro que, de conformidade coa normativa indicada, ten que presentar o solicitante para obter a autorización é o determinado no anexo I desta orde.

No caso de que no proxecto se preveña a instalación de xeosintéticos nas distintas fases de execución das obras de vertedoiro, deberá completarse cun plan de control de calidade co contido do anexo II.

Co obxecto de coñecer a incidencia ambiental de todas as fases da vertedura, xunto co proxecto construtivo, o solicitante elaborará o Plan de vixilancia e

control ambiental que se adecue ás directrices contidas no anexo III, que deberá ser aprobado polo órgano administrativo competente en materia de residuos.

Artigo 6º.-*Órgano competente.*

Correspóndelle ao órgano administrativo competente en materia de residuos a tramitación e o outorgamento ou, de ser o caso, a denegación motivada, da solicitude de autorización.

Artigo 7º.-*Infraccións administrativas.*

O réxime de infraccións e sancións aplicable á presente orde é o previsto na Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia e na Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos. Non obstante, cando se trate de instalacións sometidas á Lei 16/2002, do 1 de xullo, de prevención e control integrados da contaminación, poderá serlle de aplicación o réxime sancionador previsto no título IV da dita lei.

Artigo 8º.-*Normas procedementais xerais.*

1. Os procedementos regulados na presente orde axustaranse ao disposto no Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Resíduos de Galicia e na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, sen prexuízo das precisións contidas ao longo desta disposición.

2. Nos procedementos administrativos regulados nesta orde, o prazo máximo en que debe notificarse a resolución expresa será de tres meses. Transcorrido este prazo sen que a dita notificación se efectuase, as solicitudes formuladas entenderanse desestimadas segundo a Lei 6/2001, do 29 de xuño, de adecuación da normativa da Comunidade Autónoma de Galicia á Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

SECCIÓN SEGUNDA

DOS RESIDUOS ELIMINADOS EN VERTEDOIRO

Artigo 9º.-*Prohibicións xerais á vertedura en vertedoiros.*

Non se admitirán nos vertedoiros os seguintes materiais ou residuos:

a) As terras e rochas non contaminadas de escavación utilizadas para a restauración, acondicionamento e recheo, ou con fins de construción segundo o dito no artigo 3 do Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Resíduos de Galicia.

b) O depósito de solo sen contaminar ou de residuos non perigosos inertes procedentes da prospección, extracción, tratamento e almacenamento de recursos minerais, segundo o especificado no Real decreto 1481/2001.

c) Residuos líquidos ou residuos que presenten unha humidade superior ao 65% en peso.

d) Residuos cunha temperatura superior a 50 graos centígrados.

e) Residuos que, en condicións de vertedura, sexan explosivos, corrosivos, oxidantes, facilmente inflamables ou inflamables consonte a lexislación vixente.

f) Residuos que sexan infecciosos consonte a característica H9 da táboa 5 do Real decreto 833/1998, así como residuos da categoría 14 da táboa 3 do mesmo real decreto.

g) Residuos reactivos.

h) Pneumáticos usados (tanto enteiros como en anacos), con exclusión dos pneumáticos utilizados como elementos de protección dos vertedoiros. Non obstante, admitiranse os pneumáticos de bicicleta e os que teñan un diámetro superior a 1.400 mm.

i) Calquera outro residuo que non cumpra os criterios de admisión establecidos no anexo IV, así como na Decisión 2003/33/CE do Consello, do 19 de decembro de 2002, pola que se establecen os criterios e procedementos de admisión de residuos nos vertedoiros.

j) Os subprodutos animais non destinados ao consumo humano agás que se acredite suficientemente o cumprimento da súa normativa específica –Regulamento CE nº 1774/2002, do Parlamento Europeo e do Consello, polo que se establecen as normas sanitarias aplicables aos subprodutos de animais non destinados ao consumo humano- ante o órgano administrativo competente en materia de residuos.

Artigo 10º.-*Admisión de residuos en vertedoiros.*

De forma xeral os residuos admisibles en vertedoiro serán aqueles que non sexan susceptibles dun tratamento de valorización final en Galicia ou dun aproveitamento directo como subproduto.

Os residuos inicialmente aceptables en vertedoiros son os contidos na relación incluída no anexo V desta orde.

Artigo 11º.-*Admisión de residuos valorizables en vertedoiros.*

1. Excepcionalmente poderá autorizarse a admisión de residuos valorizables en vertedoiro cando por circunstancias conxunturais do mercado non resulte posible a comercialización dos produtos obtidos como consecuencia do proceso de valorización.

Enténdese que estas circunstancias conxunturais do mercado se dan nos casos seguintes:

a) Cando as instalacións de valorización existentes suspendan a súa actividade.

b) Cando a produción sobrevida do residuo valorizable non poida ser absorbida polas plantas de valorización existentes.

c) Cando o prezo da reciclaxe altere substancialmente os custos de xestión existentes.

2. A autorización será outorgada por solicitude do interesado en admitir residuos valorizables en vertedoiro, para o cal deberá presentar unha solicitude (solicitude de admisión de residuos valorizables SARV - anexo VI) xunto cunha memoria co seguinte contido:

a) Datos do proceso produtivo en que se orixina o residuo.

b) Caracterización básica do residuo, segundo o formato establecido no apéndice IV.1 do anexo IV.

c) Cantidade de residuos prevista para a súa admisión.

d) Prazo de tempo previsto para a recepción.

e) Información e documentación xustificativa, incluíndo características específicas do residuo, información das circunstancias concretas do mercado e outras que a xuízo do solicitante xustifiquen que se dá algunha das circunstancias relacionadas anteriormente, podendo incluírse tamén informes subministrados polas plantas de valorización sobre a insuficiente capacidade.

3. O órgano administrativo competente en materia de residuos, tendo en conta a solicitude do interesado, a información da situación de que dispoña ou que acade dos axentes económicos sobre valorización de residuos, a situación conxuntural do mercado de utilización de residuos valorizables e a capacidade das plantas de valorización, outorgará ou denegará a solicitude tras o correspondente trámite de audiencia aos interesados.

4. De ser o caso, a autorización determinará:

a) O proceso produtivo que orixina o residuo.

b) Código LER e descrición do residuo.

c) O tempo máximo da autorización. Para determinar ese prazo terase en conta o solicitado polo interesado; en ningún caso o prazo outorgado superará os 12 meses.

d) As condicións de fiscalización e ambientais necesarias.

e) Os vertedoiros que poden recibir o residuo valorizable, no caso de que nas alegacións formuladas polos interesados no trámite de audiencia se propoña a necesidade de estender a autorización a outros interesados.

f) As garantías adicionais necesarias para afianzar as consecuencias da vertedura.

5. A denegación, de ser o caso, formularase por resolución motivada que será notificada ao interesado.

6. O órgano administrativo competente en materia de residuos, cando considere que, dándose algunha das circunstancias previstas anteriormente, os residuos non poden ser xestionados en Galicia doutra forma diferente á vertedura, poderá autorizar, nun procedemento iniciado de oficio, a admisión de residuos valorizables en vertedoiro. Na resolución da autorización deberá indicar:

a) As instalacións de vertedura. En caso de que existan varias instalacións que teñan capacidade

técnica e ambiental para eliminar o residuo, a autorización outorgarase a todas elas.

b) Código LER e descrición do residuo.

c) As condicións de fiscalización e ambientais necesarias.

d) O período máximo de vixencia da autorización. Para a determinación do dito prazo terase en conta as circunstancias que motivaron a excepción, sen que en ningún caso poida superar os 12 meses.

Artigo 12º.-*Aceptación de residuos en vertedoiros.*

O produtor de residuos ou xestor intermedio que pretenda levar o residuo a un vertedoiro deberá contar como requisito previo ao traslado do residuo cun compromiso documental de aceptación por parte do xestor do vertedoiro, en concreto, cun documento de aceptación do residuo-DAR (anexo VII). Este documento, en todo caso, deberá incorporar información relativa á caracterización básica do residuo.

Co obxecto de determinar a admisibilidade de residuos nos distintos tipos de vertedoiro, antes da súa vertedura, os residuos someteranse ao control previsto no anexo IV desta orde.

Artigo 13º.-*Procedemento para a supresión de residuos valorizables dos actualmente admisibles en vertedoiros.*

Cando se autoricen na Comunidade Autónoma de Galicia instalacións que permitan a reciclaxe ou valorización final de residuos que ata este momento se depositaban en vertedoiros, procederase do seguinte xeito:

a) Cando se trate de instalacións que permitan a valorización do total dos residuos desa tipoloxía producidos en Galicia:

Para os efectos de que aleguen, no prazo de 15 días, o que consideren pertinente antes de modificar a súa autorización para verter os ditos residuos valorizables, procederase a notificar aos xestores de vertedoiros que teñan autorizado a vertedura do residuo a valorizar os datos referentes a:

- Residuo/s que se valorizarán.
- Titular da planta de valorización autorizada.
- Tipo de valorización autorizada.
- Capacidade da planta.
- Data da autorización.

Tendo en conta as alegacións presentadas, o órgano administrativo competente en materia de residuos procederá a tomar a decisión que considere oportuna sobre a supresión do/s residuo/s valorizables da autorización outorgada para a eliminación en vertedoiro.

b) Cando se trate de instalacións que permitan a valorización de parte dos residuos producidos desa tipoloxía en Galicia:

Procederase a notificar, aos xestores de vertedoiros que teñan autorizado a vertedura do residuo para valorizar, os mesmos datos sobre a planta sinalados

no parágrafo anterior, para os efectos de que aleguen no prazo de 15 días o que consideren pertinente con anterioridade á modificación da súa autorización para verter eses residuos valorizables.

Tendo en conta as alegacións presentadas, o órgano administrativo competente en materia de residuos procederá a modificar a autorización outorgada para verter o/s citado/s residuo/s, establecendo límites cuantitativos para o residuo valorizable en proporción á capacidade da planta de valorización e as capacidades restantes de cada un dos vertedoiros.

Para o cálculo da redución terase en conta principalmente a cantidade vertida de residuo valorizable nos dous últimos anos; poderanse considerar outros factores que permitan ter unha maior información para determinar a limitación da vertedura.

Artigo 14º.-*Autorización de eliminación de residuos procedentes doutras comunidades autónomas en vertedoiros.*

1. Os xestores de vertedoiros, no caso de queren recibir nas súas instalacións residuos producidos fóra da Comunidade Autónoma de Galicia, ademais de realizar as comprobacións necesarias para a admisión de residuos, deberán obter autorización previa do órgano administrativo competente en materia de residuos.

2. Para obter a devandita autorización deberán presentar unha solicitude (solicitude de admisión de residuos doutras comunidades autónomas SARC - anexo VIII) xunto cunha memoria-programa que conteña unha previsión dos residuos que van recibir, incluíndo información sobre:

- Cantidade estimada de residuos que se recibirán.
- Prazo estimado en que se prevexa a recepción dos residuos.
- Vida útil do vertedoiro no momento en que solicita a autorización.

Á vista da memoria, o órgano administrativo competente en materia de residuos comprobará:

- Se o vertedoiro ten capacidade suficiente.
- Se o vertedoiro é axeitado para a súa recepción.
- Se a recepción pode dificultar o cumprimento dos obxectivos previstos nos plans de residuos.

-Se a recepción de residuos pode dificultar a xestión das instalacións destinatarias cando esta sexa de titularidade pública ou a súa construción ou xestión fose financiada en parte con fondos públicos para atender necesidades de xestión dos residuos incluídos nos plans de residuos de Galicia.

Tendo en conta estas comprobacións, autorizarase ou denegarase a recepción dos residuos.

3. Na autorización especificarase polo menos:

- Cantidade máxima de residuos que se prevé recibir.
- Prazo da autorización outorgada.

4. No marco desta autorización, o xestor poderá admitir residuos na súa instalación de acordo co seguinte procedemento:

-Antes de cada recepción, procederá a enviar, con 10 días de mínima antelación á data da recepción, información en que se especifique:

a) Orixe do residuo, indicando a comunidade autónoma de orixe e identificación do produtor.

b) Cantidade de residuos que se prevé recibir.

c) Tipo de residuos, coa identificación do código LER e do asignado segundo o R.D. 952/1997, para residuos perigosos.

-Recibida esta información, o órgano administrativo competente en materia de residuos comprobará que a recepción do residuo é axeitada e conforme coas autorizacións da instalación e o programa aprobado. Non se poderá realizar a vertedura no caso de que o órgano administrativo competente en materia de residuos considere que non se cumpren os requisitos necesarios ambientais suficientes para iso ou que a capacidade do vertedoiro non é suficiente para atender o residuo.

-Tras aceptar os residuos nas instalacións o xestor deberá comunicar as cantidades reais recibidas.

5. A información indicada neste artigo será facilitada utilizando os procedementos informáticos, incluídos os telemáticos que, o órgano administrativo competente en materia de residuos poña á disposición dos xestores.

Artigo 15º.-Criterios de aplicación da codificación da Orde MAM/304/2002 para residuos destinados a vertedoiro.

1. Como regra xeral utilizaranse unicamente os códigos 19 para os residuos destinados a vertedoiro. Aos residuos valorizables procedentes das saídas das plantas de valorización asignaráselles o código determinado pola fonte que produciu o residuo orixinal tratado, codificándose unicamente co código 19 os rexeitamentos do proceso non recuperables.

2. A utilización de códigos 99 para os residuos destinados á vertedura, terá carácter excepcional para os seguintes supostos:

-Residuos mesturados procedentes de proceso e que non teñan previsto un código mestura na Orde MAM/304/2002.

-Residuos sen código asignado na citada orde.

-Residuos, procedentes do produtor, que conteñan elementos que os fagan non valorizables.

Para a súa utilización, a empresa produtora e a empresa xestora deberán solicitalo conxuntamente (solicitud de admisión de residuos de códigos 99 SAR99-Anexo IX) ante o órgano administrativo competente en materia de residuos. Xunto coa solicitude deberán presentar unha memoria conxunta que inclúa a seguinte información:

-Descrición do proceso produtivo en que se orixina o residuo.

-Caracterización básica do residuo, segundo o formato establecido no apéndice IV.1 do anexo IV.

-Cantidade de residuos prevista para a súa admisión.

-Prazo de tempo previsto para a recepción.

-Información complementaria que permita coñecer con máis exactitude o residuo e as necesidades para outorgar a autorización.

Considerando o contido do documento, o órgano administrativo competente en materia de residuos outorgará ou denegará a solicitude.

Na resolución de autorización determinarase:

-O produtor e o proceso produtivo que orixina o residuo.

-Código LER e descrición do residuo.

-O tempo máximo da autorización. Para determinar este prazo terase en conta o solicitado polo interesado; en ningún caso o prazo outorgado superará os 12 meses.

Tendo en conta o carácter excepcional da concesión, non se incluírán na inscrición que a empresa xestora posúa no Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, sen prexuízo de establecer un sistema de control que permita reforzar información das circunstancias desta autorización.

En todo caso, a denegación será motivada e comunicada ao interesado.

SECCIÓN TERCEIRA

DO RÉXIME ECONÓMICO DA XESTIÓN DOS VERTEDOIROS

Artigo 16º.-Prezo da vertedura e análise económica.

1. O solicitante de autorizacións dun novo vertedoiro, ou de ampliación dun xa existente, deberá presentar unha análise económica que, co obxecto de xustificar a viabilidade do vertedoiro, deberá demostrar que o prezo que a entidade explotadora cobre pola eliminación dos residuos no vertedoiro cubrirá, como mínimo, os seguintes custos:

a) Os que ocasionen o seu establecemento e explotación.

b) De ser o caso, os derivados da constitución do seguro de responsabilidade civil regulado na Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia, e nas súas normas de desenvolvemento, pola cantidade que determine a Administración autorizante.

c) Os derivados das fianzas esixidas na lexislación de residuos e nas súas normas de desenvolvemento, na forma e contía que na autorización se determine.

d) Os derivados da clausura e o mantemento posterior da instalación durante un período mínimo de 30 anos. Para tal efecto incluírase unha análise detallada dos custos de todas as operacións necesarias e das medidas correctoras que se apliquen.

Os solicitantes de autorizacións dun novo vertedoiro, ou de ampliación dun xa existente, que o des-

tinen exclusivamente á eliminación dos seus propios residuos no lugar que se producen, poderán substituír a análise económica baseada no prezo por outra que permita igualmente xustificar a idoneidade do vertedoiro, garantindo a cobertura dos custos a que se refiren as letras a), b), c) e d) anteriores.

2. Na análise económica detallaranse por partidas cada un dos custos a que se refire o punto anterior de forma xustificada, de acordo coas accións que se vaian realizar.

En particular, identificaranse de forma individualizada as partidas que, concretamente, se refiran ao seguinte:

a) Os ingresos e gastos xerados polo establecemento e explotación do vertedoiro sen ter en conta o resto do complexo nin, de ser o caso, a xestión doutras instalacións de xestión de residuos.

b) Os custos derivados da clausura e o mantemento posterior da instalación do vertedoiro durante un período non inferior os trinta anos.

3. A análise económica deberá ir acompañada dun informe de revisión e verificación coa opinión favorable dun auditor ou censor xurado de contas inscrito no Rexistro Oficial de Auditores de Contas, ede acordo coas competencias e atribucións reguladas no Real decreto 2777/1982, do 24 de setembro, polo que se aproban os estatutos do instituto de censores xurados de contas de España.

4. Con carácter previo ao outorgamento da autorización, o órgano administrativo competente en materia de residuos poderá solicitar os informes que, de ser o caso, se xulguen necesarios para determinar a idoneidade da análise económica para xustificar a viabilidade do vertedoiro, podendo requirir o interesado para que amplíe ou introduza modificacións na análise económica.

Artigo 17º.-*Actualización da análise económica.*

1. Coa frecuencia que fixe o órgano administrativo competente en materia de residuos na autorización, que non poderá ser superior a dous anos, o titular do vertedoiro presentará unha actualización da análise económica.

A dita actualización deberá ir acompañada dunha actualización do informe de revisión e verificación coa opinión favorable dun auditor ou censor xurado de contas a que se refire o artigo 16.3º da presente orde.

2. A actualización a que se refire o punto anterior deberá ter en conta o que, en cada momento e segundo o progreso da ciencia, dispoña a normativa técnica, ambiental e de seguranza que resulte de aplicación.

3. O órgano administrativo competente en materia de residuos poderá solicitar os informes que, de ser o caso, se xulguen necesarios para determinar a idoneidade das medidas contidas na actualización da análise económica para xustificar a viabilidade do vertedoiro, e poderá requirir a interesado para que amplíe ou introduza as correspondentes modificacións.

Artigo 18º.-*Fianzas.*

1. Para garantir a correcta realización de todas as actividades en que consista o establecemento, explotación, clausura e mantemento posterior á clausura do vertedoiro, o órgano administrativo competente en materia de residuos exixirá a fianza axeitada, e figurará o seu importe na autorización.

En particular, a entidade explotadora do vertedoiro asume a obriga de realizar cos seus medios os traballos de clausura e mantemento posterior da instalación durante o prazo que fixe a autorización que, en ningún caso, será inferior a trinta anos, respondendo a fianza do cumprimento da dita obriga.

2. A contía da fianza será a suma dos conceptos necesarios para garantir o cumprimento das obrigas derivadas do establecemento, explotación, clausura e mantemento posterior da instalación do vertedoiro.

3. A fianza constituirase de acordo co establecido no Decreto 455/1996, do 7 de novembro, de fianzas en materia ambiental, á plena satisfacción e á disposición do órgano administrativo competente en materia de residuos, sendo condición previa para o exercicio da actividade ou o inicio dos traballos a que se refire a autorización.

4. A fianza constituirase de forma progresiva a medida que aumente a cantidade de residuos vertida e manterase mentres a entidade explotadora sexa responsable do mantemento posterior ao peche do vertedoiro.

5. Para efectos de asegurar o financiamento dos traballos de clausura e/ou mantemento posterior, o órgano administrativo competente en materia de residuos poderá exixir a constitución dunha fianza adicional equivalente á parte do prezo que cubra estes conceptos.

Esta fianza manterase mentres a entidade explotadora sexa responsable do mantemento posterior ao peche do vertedoiro.

6. Non obstante, o órgano administrativo competente en materia de residuos poderá autorizar devolucións anticipadas de ata o 50 por 100 da contía total das fianzas, a partir dun ano tras a declaración definitiva da clausura do vertedoiro, sempre que se cumpran os seguintes requisitos:

a) Xustificación de que o remanente garanta o cumprimento por parte da entidade explotadora do plan de mantemento, vixilancia e control posterior.

b) Que o responsable do mantemento posclausura do vertedoiro presente un documento de avaliación que demostre a diminución efectiva dos riscos ambientais do vertedoiro.

c) Que se realice un informe favorable tras unha comprobación *in situ* do vertedoiro de que a vixilancia e control posclausura se realizan correctamente.

Unha vez declarada a clausura definitiva, autorízase a devolución parcial da fianza adicional nunha contía equivalente ao prezo da clausura.

7. No caso de incumprimento das obrigas garantidas, o órgano administrativo competente en materia de residuos poderá levar a cabo, logo de apercibimento ao titular da explotación, e con cargo á dita fianza, a súa execución forzosa.

Artigo 19º.-*Actualización das fianzas.*

1. O importe das fianzas actualízase cada dous anos, tendo en conta a cantidade de residuos acumulados, podendo tamén ter en conta o que, en cada momento e segundo o progreso da ciencia, dispoña a normativa técnica, ambiental e de seguranza que resulte de aplicación.

2. Excepcionalmente, e en casos xustificados, logo de audiencia do interesado, poderá acordarse a variación da fianza, antes do transcurso de dous anos, fundamentada en novas circunstancias, causas ou riscos non inicialmente previstos, co obxecto de adaptala ás circunstancias reais da actividade.

Artigo 20º.-*Responsabilidades cubertas polas fianzas.*

1. As fianzas reguladas nesta orde serán alleas e independentes da cobertura de calquera outra responsabilidade, xa sexa penal, civil ou administrativa ou doutros feitos e, en consecuencia, non quedarán reducidas ou esgotadas por gastos, reclamacións ou exixencias non relacionadas coas ditas fianzas nin poderán aplicarse a ningún fin distinto do que xustificou a súa constitución.

2. A contía garantida será independente da que poida apoiar actividades que sexan obxecto de autorizacións diferentes, outorgadas tanto pola autoridade ambiental como por outras.

SECCIÓN CUARTA

DA CLAUSURA E DO MANTEMENTO POSCLAUSURA DOS VERTEDOIROIS

Artigo 21º.-*Clausura do vertedoiro.*

Unha vez esgotada a vida útil do vertedoiro e con anterioridade á realización das obras, a entidade explotadora presentará o proxecto de execución da clausura seguindo o procedemento do anexo X, asinado por técnico competente e visado polo colexio oficial correspondente, que defina de forma pormenorizada as accións que se van realizar, e o plan de vixilancia e control posclausura seguindo as directrices do anexo III.

As obras non poderán iniciar mentres a Administración non se pronuncie sobre a viabilidade ambiental do proxecto presentado.

Así mesmo, o procedemento de clausura poderá ser acordado polo organismo competente en materia de residuos por resolución motivada consistente en circunstancias tales como a incorrecta explotación do vertedoiro, o abandono da actividade de vertedura polo titular por período superior a un ano ou pola

declaración de quebra da entidade explotadora, entre outras.

Artigo 22º.-*Declaración de clausura e mantemento do vertedoiro clausurado.*

Tras a finalización das obras de clausura, o responsable deberá presentar ante o órgano administrativo competente en materia de residuos o certificado fin de obra e o informe final de garantía de control de calidade, no caso de utilización de xeosintéticos.

Tras a inspección final *in situ*, o órgano administrativo competente en materia de residuos formulará a declaración de clausura definitiva, determinando o responsable do mantemento, e aprobando o plan de vixilancia e control posclausura, e comunicándolla ao responsable.

A entidade explotadora será responsable do mantemento, da vixilancia, análise e control dos lixiviados do vertedoiro e, no seu caso, dos gases xerados, así como do réxime de augas subterráneas nas súas inmediacións.

O prazo da fase de posclausura durante o que a entidade explotadora será responsable do vertedoiro, en ningún caso, poderá ser inferior a trinta anos.

A entidade explotadora notificará á autoridade competente, así como ao concello correspondente, todo efecto significativo negativo para o medio posto de manifesto nos procedementos de control durante a fase e acatará a decisión da autoridade competente sobre a natureza e o calendario das medidas correctoras que se deban adoptar.

Os posteriores usos do solo deberán ser informados á Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental para a súa aprobación para a garantir que non se produzan danos nas capas de selado, no funcionamento dos canais perimetrais e elementos do sistema de control posclausura nin afecten á estabilidade do vertedoiro.

SECCIÓN QUINTA

DOS VERTEDOIROIS MUNICIPAIS

Artigo 23º.-*Autorizacións e responsabilidade dos vertedoiros municipais.*

1. As autorizacións necesarias para realizar as instalacións e/ou xestión serán diferentes nos seguintes supostos:

1. Vertedoiros de todo tipo de residuos que reciban máis de 10 toneladas por día ou que teñan unha capacidade total de máis de 25.000 toneladas, con exclusión dos vertedoiros de residuos inertes: nestes casos o vertedoiro deberá obter a autorización prevista na Lei 16/2002, de prevención e control integridades da contaminación:

O titular da autorización será:

-Nos casos en que a entidade explotadora sexa o concello, o titular será o concello.

-No caso de que a xestión posterior sexa realizada por unha empresa adxudicataria (concesionaria), a autorización previa á construción outorgarase ao

concello e, no momento de iniciar a explotación, a empresa adxudicataria será a súa responsable e terá a responsabilidade do cumprimento das condicións da explotación; para iso a empresa adxudicataria deberá solicitar o cambio de titularidade, presentando o título acreditativo expedido polo concello de ser a adxudicataria da concesión de explotación.

2. Vertedoiros de residuos inertes ou vertedoiros de todo tipo que reciban menos de 10 toneladas por día ou que teñan unha capacidade total de menos de 25.000 toneladas: deberá obter as seguintes autorizacións segundo o tipo de vertedoiro:

a) Vertedoiros de residuos urbanos-Xestión:

i. Se o concello é o que realiza directamente a súa xestión, está exento de obter a autorización da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

ii. Se a xestión a realiza indirectamente a través dunha empresa adxudicataria, esta deberá obter a autorización da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas para a xestión e explotación do vertedoiro. Para iso deberá facer a correspondente solicitude achegando a documentación preceptiva prevista na normativa en vigor, así como o título acreditativo expedido polo concello de ser a adxudicataria (concesionario) da explotación do vertedoiro.

b) Vertedoiros de residuos industriais, incluídos os RCD.

i. A xestión do vertedoiro está sometida á autorización previa da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas con independencia de se o xestor é o concello ou un particular ou empresa adxudicataria.

ii. Vertedoiros de RCD en que se vertan exclusivamente RCD's procedentes de obras menores. Neste caso aplícase o disposto para vertedoiros de residuos urbanos.

2. En xeral e sen prexuízo das obrigas establecidas nos títulos concesionais, o responsable da xestión do vertedoiro é a súa entidade explotadora, o concello no caso de que realice a xestión directa, ou a empresa adxudicataria se a xestión é realizada de forma indirecta.

3. Nos supostos en que durante a vida útil do vertedoiro o concesionario-entidade explotadora é a mesma empresa ou particular, a entidade explotadora será a responsable de todo o vertedoiro, e do cumprimento das obrigas que a normativa e a autoridade ambiental establezan, e deberán ter vixente a autorización e constituídas as garantías obrigatorias.

4. Nos supostos en que durante a vida do vertedoiro existan varios concesionarios diferentes, o novo concesionario e os sucesivos deben obter o cambio, ao seu favor da titularidade da AAI ou da autorización de xestión de residuos. Para obter o cambio o novo concesionario debe achegar o título concesional.

Neste caso a fianza e o resto das garantías constituídas polo anterior manteranse ata que se proceda á

clausurar o vertedoiro. Neste intre procederase a devolución das fianzas na forma prevista na normativa.

No caso que a nova entidade explotadora asuma as obrigas da anterior, e estableza as garantías necesarias, poderanse liberar as garantías do anterior.

5. Agás que os títulos concesionais dispoñan outra cousa, o réxime de responsabilidades na clausura e posclausura será o seguinte:

a) Nos casos en que exista unha única entidade explotadora durante toda a vida útil do vertedoiro, o responsable da clausura será a entidade explotadora.

b) Nos casos en que existan varias entidades explotadoras ou a explotación sexa realizada polo concello, o responsable da clausura será o concello.

c) O responsable do mantemento posclausura será o concello.

6. O réxime económico dos vertedoiros executados no marco do Decreto 4/2005, do 13 de xaneiro, será o contido no anexo XI.

7. O prezo de vertedura axustarase ao disposto no artigo 16º.

Disposicións adicionais

Primeira.-Os vertedoiros de residuos urbanos selados ata este momento pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas en que exista acta de recepción definitiva das obras de clausura, considéranse definitivamente clausurados. Nesos supostos o concello será o responsable do mantemento do vertedoiro e do cumprimento do plan de vixilancia e control ambiental establecido seguindo as directrices do anexo XII.

Segunda.-Para os efectos da determinación da contía da fianza regulada nesta orde, resultará de aplicación a Orde do 16 de xaneiro de 2007 pola que se fixan os criterios de cálculo para a determinación da fianza nas actividades determinadas no Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión de residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia.

Disposición transitoria

Os vertedoiros construídos e en explotación na actualidade, deberán adaptarse a esta normativa, logo de presentación da documentación descrita nesta orde, no prazo de seis meses desde a súa entrada en vigor.

Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor aos trinta días da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 20 de xullo de 2009.

Agustín Hernández Fernández de Rojas
Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio
e Infraestruturas

Relación de anexos

Anexo I. Contido básico do proxecto construtivo dun vertedoiro.

Anexo II. Plan de control de calidade; informe final de garantía de calidade.

Anexo III. Plan de vixilancia e control ambiental.

Anexo IV. Criterios e procedementos de admisión.

Anexo V. Lista de residuos admisibles en vertedoiro.

Anexo VI. Solicitud de autorización de admisión de residuos valorizables en vertedoiros.

Anexo VII. Procedemento de xestión de residuos en vertedoiros.

Anexo VIII. Solicitud de autorización de admisión de residuos procedentes doutras comunidades

autónomas para a súa eliminación en vertedoiros de Galicia.

Anexo IX. Solicitud de autorización de utilización de códigos 99 para residuos paraa eliminar en vertedoiros.

Anexo X. Control administrativo da clausura dos vertedoiros: procedemento de clausura e mantemento posclausura.

Anexo XI. Réxime económico dos vertedoiros executados no marco do Decreto 4/2005, do 13 de xaneiro.

Anexo XII. Programa de vixilancia e control ambiental para vertedoiros de RSU selados.

ANEXO I**Contido básico do proxecto construtivo dun vertedoiro**

1. Formalización: o proxecto debe estar asinado por técnico competente e visado polo colexio oficial correspondente.
2. Copias. Unha copia en soporte documental e tres copias en soporte electrónico en formato PDF.
3. Conformidade do proxecto. As obras non poderán iniciarse mentres a Administración non se pronuncie sobre a viabilidade ambiental do proxecto presentado.
4. Certificado de fin de obra: unha vez rematadas as obras presentárase o correspondente certificado, asinado por técnico competente e visado por colexio oficial, que amose a conformidade destas co proxecto presentado e o cumprimento das condicións técnicas que, de ser o caso, corresponda.
O técnico competente que emita o certificado anterior será o responsable da adaptación da obra ao proxecto e de que na súa execución se adoptasen as medidas e se cumpriran as condicións técnicas de aplicación, e iso sen prexuízo do resto de responsabilidades que, se é o caso, correspondan.
5. Contido básico do proxecto:
 - 5.1. Memoria.
 - 5.1.1. Descrición dos tipos de residuos para os que se propón o vertedoiro, incluíndo a súa codificación conforme a Lista Europea de Resíduos (LER) e, se é o caso, conforme o anexo I do Real decreto 833/1988, do 20 de xullo, polo que se aproba o Regulamento para a execución da Lei 20/1986, do 14 de maio, básica de residuos tóxicos e perigosos. Terase en conta para a elaboración desta lista o correspondente apartado de «resíduos admisibles en vertedoiro».
 - 5.1.2. A cantidade total prevista de residuos que se van verter, tanto en peso como en volume.
 - 5.1.3. Cantidade de residuos anuais que se van verter, tanto en peso como en volume.
 - 5.1.4. A capacidade total do vertedoiro, tanto en peso como en volume.
 - 5.1.5. Vida útil: total e por fases, de ser o caso.
 - 5.1.6. Localización: coordenadas UTM do perímetro do vertedoiro, descrición e xustificación da súa idoneidade;
 - a. Distancia dos límites do vertedoiro a:
 - Núcleos de poboación e zonas reservadas para equipamentos educativos ou sanitarios, tendo en conta as previsións do desenvolvemento urbanístico.
 - Elementos do patrimonio arquitectónico e/ou cultural, zonas recreativas e de lecer, estradas e rede xeral de saneamento.
 - Augas superficiais continentais e zonas costeiras: terreos de dominio público hidráulico, zonas con risco de inundación, presenza de encoros, presas artificiais e canais principais abertos dedicados ao regadío ou abastecemento, terreos de dominio público marítimo-terrestre.
 - Augas continentais subterráneas e acuíferos.
 - Zonas húmidas.
 - Espazos naturais protexidos.
 - Xacigos arqueolóxicos.
 - Áreas inestables, áreas volcánicas, áreas cársticas e cavidades subterráneas.
 - Zonas con actividade sísmica ou con risco de aludes.
 - Aeroportos.
 - Vías pecuarias.
 - b. Estudo da climatoloxía da zona: recompilando a información dispoñible para establecer os balances hidrolóxicos preliminares e a circulación dos ventos.
 - c. Estudo xeolóxico, xeotécnico, hidrolóxico e hidroxeolóxico do lugar de localización:
Para a determinación dos datos xeolóxicos, xeotécnicos e hidroxeolóxicos deberanse realizar os seguintes traballos de campo, como mínimo:
 - Realizaranse unha serie de catas con medios mecánicos ata a aparición de roca sa ou ata que a materia non permita a escavación por medios mecánicos. O número de catas será de dúas por hectárea desde superficie ata a máxima profundidade que se poida alcanzar mediante medios mecánicos.
 - No caso de que o terreo en superficie sexa representativo do apoio do fondo do vaso, sobre o horizonte do terreo dos cinco primeiros metros, executarase un mínimo de dous ensaios por hectárea para determinar a permeabilidade vertical (métodos de permeámetro ou infiltrómetro).
 - Realizaranse unha serie de sondaxes verticais de recoñecemento que servirán igualmente para a execución dos ensaios de permeabilidade, toma de mostra inalterada e realización de ensaios SPT. Estes ensaios poderán completarse mediante sondaxes e perfís eléctricos e sísmicos.
 - En caso de que proceda (solos de compacidade/consistencia menor á media) executarase un mínimo de dous ensaios por hectárea de penetración dinámica para determinar a compacidade do terreo.
 - Ensaíos de laboratorio: sobre as mostras de solos que se tomen realizaranse ensaios xeotécnicos de laboratorio, de forma que sexan representativos e permitan caracterizar o comportamento xeotécnico do terreo.
 - Para poder calcular a estabilidade dos futuros noiros de recheo así como dos noiros de desmonte que se executen nas futuras obras, definiranse os parámetros resistentes, cohesión e ángulo de rozamento interno tanto dos residuos que se vertan como da roca.
 - Con base nos parámetros obtidos xustificaranse convenientemente as solucións adoptadas ao longo do proxecto.
 - 5.1.7. Descrición das características construtivas do vertedoiro. Infraestruturas proxectadas: para o vertedoiro en todo o seu conxunto e para cada unha das súas fases, de ser o caso, deberá estar totalmente xustificado cada un dos seguintes puntos:
 - a. Descrición dos labores de roza, compactación e acondicionamento do leito.
 - b. Captación de augas subterráneas: descrición, no caso de que exista, da rede de subdrenaxe establecida tomando como base os estudos incluídos no punto anterior (estudos hidroxeolóxico e xeotécnico) de forma que se garanta que en ningún caso as augas subterráneas entren en contacto coa masa de residuos.
 - c. Captación de augas superficiais: descrición dos sistemas de recollida e evacuación das augas superficiais que impidan que estas entren en contacto coa masa de residuos. Tomarase como base o estudo hidrolóxico recollido no punto anterior.
Indicarase de forma expresa o destino deste tipo de augas (balsa de decantación e punto de vertedura).
 - d. Impermeabilización do fondo e dos noiros do vaso de vertedura:
 - Paquete de impermeabilización proposto e xustificación.
 - Forma de ancoraxe do paquete de impermeabilización.
 - A solución técnica adoptada axustarase ou ben presentará un nivel de protección equivalente ou superior ao descrito no apéndice I-1 deste anexo.

- e. Captación e tratamento de lixiviados. Descrición dos seguintes elementos:
 - Sistema de drenaxe de lixiviados dentro do vaso de vertedura: capa de gravas, xeosintéticos de drenaxe, tubaxes de drenaxe, tubaxes de evacuación... etc.
 - Tanques colectores de lixiviados (en caso de que existan).
 - Balsa de almacenamento de lixiviados.
 - Tratamento previsto para os lixiviados e xustificación da súa idoneidade.
 - f. Captación e tratamento do biogás:
 - Defínense as infraestruturas previstas para a captación e tratamento do biogás.
 - No caso de que non se teña previsto ningunha actuación neste senso, tal medida será apoiada polos correspondentes cálculos xustificativos de produción de biogás en función do tipo de residuo que se vaia depositar no vertedoiro.
 - g. Tipo de cerramento natural ou artificial disposto co fin de impedir o acceso libre ás instalacións.
 - h. Plan de realización de obra.
 - i. Medidas e equipamentos contra incendios que se van instalar.
- 5.1.8. Plan que se propón para a explotación, vixilancia e control.
- a. Plan de explotación, que incluírá datos relativos a:
 - Control de recepción:
 - ✓ Responsable da explotación.
 - ✓ Director técnico da explotación.
 - ✓ Horario de recepción de residuos.
 - Control de accesos: deberá establecerse na instalación un sistema adecuado de control de accesos.
 - Control de entrada de residuos: deberase cumprir co especificado no correspondente punto de procedemento de admisión de residuos nos vertedoiros.
 - Método de explotación.
 - Topografía de verteduras: deseñárase unha topografía de verteduras a que se axustarán todos os traballos de explotación do vertedoiro e que en función do método de explotación e da topografía do terreo, indicará o desenvolvemento da vertedura ao longo do tempo e se revisará polo menos unha vez cada dous anos.
 - Maquinaria e persoal.
 - b. Plan de mantemento, que incluírá datos relativos a:
 - Mantemento e control das canalizacións tanto de augas de escorremento como de lixiviados, e posibles asentamentos destas.
 - Xurdimento de augas nas fronteiras, bases de noiros e canalizacións.
 - As instalacións e maquinaria de explotación e depuración.
 - c. Plan de vixilancia e control ambiental que se adaptará ao especificado no punto correspondente desta norma.
- 5.1.9. Plan de selaxe e clausura: realizarase un estudo sobre a selaxe definitiva e uso dos terreos unha vez esgotada a capacidade do vertedoiro, así como da recuperación paisaxística do terreo. Abordaranse os seguintes puntos:
- a. Configuración e topografías finais da instalación e da restauración final.
 - b. Características da capa final de recubrimento (paquete de selaxe previsto), drenaxes, rede de control de escorremento superficial, etc.
- 5.2. Cálculos xustificativos das infraestruturas proxectadas.
- Tendo en conta en especial os seguintes puntos:
- 5.2.1. Captación de augas superficiais:
- a. Tomarase como base o estudo hidrolóxico realizado.
 - b. Recoméndase, para o dimensionamento correcto dos elementos da rede de captación de augas superficiais, a utilización da instrución técnica de estradas 5.2-IC Drenaxes superficiais.
 - c. Incluírá os cálculos xustificativos do dimensionamento da balsa de recollida de augas pluviais e as súas medidas mínimas para que se produza a decantación das partículas en suspensión.
- 5.2.2. Captación e tratamento de lixiviados. Incluírá como mínimo os seguintes cálculos:
- a. Xustificativos do dimensionamento da rede e da balsa de recollida de lixiviados.
 - b. Xustificativos do tipo de sistema de tratamento de lixiviados que se van utilizar e adecuado dimensionamento deste para a recepción da totalidade de lixiviados producidos.
- 5.2.3. Captación e tratamento do biogás:
- a. Cálculos xustificativos que amosen claramente o caudal de biogás que se espera que se produza no vertedoiro e tratamento posterior deste.
- 5.2.4. Estabilidade: garantirase, por medio da sinatura do correspondente técnico competente na materia, que o conxunto formado por terreo e vertedoiro sexa unha estrutura estable ao longo do tempo. Do mesmo modo comprobarase necesariamente que os asentamentos previstos, tanto na capa de impermeabilización como de selaxe, serán compatibles coa súa integridade, función impermeable e drenante, en especial cando o terreo sexa moi deformable e no caso de vertedoiros de residuos cun alto contido orgánico. Efectuaranse como mínimo as seguintes comprobacións:
- a. Estabilidade do conxunto vertedoiro - terreo.
 - b. Estabilidade interna da masa de residuos.
 - c. Estabilidade local da capa de selaxe por deslizamento do contacto dos distintos elementos da selaxe.
 - d. Estabilidade do conxunto vertedoiro - impermeabilización de fondo, se procede, por escorrega entre os distintos elementos da capa impermeable.

Os coeficientes de seguridade mínimos exixidos, en función das consecuencias dunha potencial inestabilidade e en situación estática, son os seguintes:

	Tipo de vertedoiro		
Risco	Inerte	Non perigoso	Perigoso
Baixo	1.3	1.4	1.5
Medio	1.4	4.5	1.6
Alto	1.5	1.6	1.8

As situacións de baixo risco son aquelas en que unha potencial inestabilidade provocará danos exclusivamente materiais sen consecuencias significativas ambientais nin para a seguridade das persoas.

Por risco medio enténdese a situación dun vertedoiro cuxa inestabilidade provocará danos significativos para o ambiente pero non para a seguridade das persoas. As situacións de alto risco son aquelas en que se poden provocar danos a persoas ou ben impactos ambientais graves ou irreversibles.

- 5.3. Prego de condicións.
- Debe incluír, entre outros a xuízo do proxectista, materias que se van empregar, execución, medición e valoración das obras sendo coherente este co resto dos documentos que integran o proxecto.
- 5.4. Orzamento.
- Incluírase obrigatoriamente unha partida para levar a cabo o plan de control de calidade na instalación de xeosintéticos. Constará dos seguintes puntos:
- a. Medicións.

b. Cadro de prezos unitarios.

c. Orzamentos parciais.

d. Orzamentos xerais.
- 5.5. Planos.
- Deberanse incluír, como mínimo, os seguintes planos a escala adecuada:
- a. Plano xeográfico de situación a escala 1:25.000.

b. Plano de localización a escala 1:5.000 ou no seu defecto 1:10.000.

c. Parcelario a escala 1:5.000.

d. Áreas de escurremento a escala 1:5.000.

e. Representación cartográfica dos materiais, estruturas, recubrimentos superficiais e cortes xeolóxicos representativos destes a escala inferior a 1:10.000.

f. Mapa xeotécnico da área de influencia do vertedoiro. Igualmente a escala inferior a 1:10.000.

g. Planos taquimétricos coas curvas de nivel do estado inicial e situación final futura con detalle das instalacións fixas que se proxecten.

h. Plano de planta de fondo de vaso, con perfís característicos.

i. Rede de recollida e evacuación de augas subterráneas.

j. Rede de evacuación de pluviais.

k. Rede de evacuación de lixiviados.

l. Rede de recollida de gases coa indicación, se é o caso, dos pozos de captación.

m. Accesos.

n. Instalacións: acometida eléctrica e abastecemento de auga e urbanización.

o. Área de servizos: oficina, báscula, instalación de limpeza de rodas.

p. Cerramento: planta, detalles.

q. Plano das seccións lonxitudinais e transversais do terreo con cotas antes de iniciarse a vertedura e unha vez finalizado este:

• Cubicación de volumes.

• Fases de recheo.

r. Plano específico do estado final do vertedoiro unha vez selado, con perfís característicos.

s. Planos de detalles necesarios para a correcta descrición do proxecto.

t. Calquera outro plano que se considere necesario.

Apéndice I-I. Paquete de impermeabilización de referencia para os distintos tipos de vertedoiros

Solución referencia	Posibles substitucións
Residuos	
Xeotéxtil 200 g/m ² ou capa filtro • 30 cm	Xustificadamente aceptárase maior gramaxe para o xeotéxtil
Grava 50 cm de espesura	Pódese substituír por xeodrén unicamente en noiros.
Xeotéxtil 400 g/m ²	No caso de utilizar xeodrén ou para vertedoiros de residuos inertes sen PEAD esta capa non é necesaria
PEAD 2 mm	Xustificadamente e para vertedoiros de residuos inertes esta barreira poderase suprimir
Barreira xeolóxica artificial •50 cm (no caso de que a permeabilidade do terreo natural non cumpra: K• 10 ⁻⁹ m/s, espesura•5 m para RP K• 10 ⁻⁹ m/s, espesura•1 m para RNP K• 10 ⁻⁷ m/s, espesura•1 m para RNPi).	Xustificadamente esta barreira poderase substituír por un xeocomposto de bentonita con contido mínimo nela de 5000 g/m ²
Rede de alivio de presión (no caso de ser necesaria)	
Terreo	ii

No caso de que exista posibilidade de deterioración dos xeocompostos que conforman o paquete de impermeabilización como consecuencia do paso de maquinaria, acción dos raios UV ou outras inclemencias meteorolóxicas, tomaranse as precaucións necesarias que se deberán definir dentro do proxecto construtivo do vertedoiro:

- Utilización de xeocompostos que resistan a acción solar.
- Cubrición e polo tanto protección dos xeocompostos con materiais como plástico agrícola.
- Outras a proposta do proxectista.

O terreo sobre o que se estenda o paquete de impermeabilización deberá ser regular ou ben regularizarse adecuadamente co obxecto de evitar traccións localizadas que danen os xeocompostos.

¹ Para o estudo de localizacións de superficie superior a 5 ha e sempre que o técnico que subscribe o estudo xeolóxico e hidroxeolóxico xustifique que a homoxeneidade dos terreos atopados permite o seu adecuado coñecemento e caracterización poderanse reducir as intensidades mínimas de catas, ensaios de penetración dinámica e ensaios de permeabilidade vertical especificadas.

ⁱⁱ Para vertedoiros de RP exixírase a disposición no paquete de impermeabilización que se vaia avaliar de dúas láminas de PEAD, como medida adicional de protección.

ANEXO II

Plan de control de calidade; informe final de garantía de calidade

1. Presentarase o Plan de control de calidade (en adiante PCC), para a súa conformidade por parte do órgano administrativo competente en materia de residuos, sempre e cando se proceda á instalación de xeosintéticos nas distintas fases de execución das obras do vertedoiro.

Responsables: definiranse as responsabilidades de:

- Director do proxecto
- Proxectista
- Fabricante/subministrador de xeosintéticos
- Empresa instaladora de xeosintéticos
- Consultor de garantía de calidade de xeosintéticos (QAE):
 - Entidade independente
 - Encargado de observar e documentar todas as actividades relacionadas coa garantía de calidade de produción e instalación dos xeosintéticos. Adicionalmente, manterá a relación co laboratorio de control de calidade e será responsable de elaborar e editar o informe final de certificación.
- Laboratorio de control de calidade de xeosintéticos (QAL)
 - Entidade acreditada segundo a UNE-EN ISO/IEC 17025 para análise de xeosintéticos ou a que nun futuro a substitúa e que sexa de aplicación en función do seu ámbito de actuación.
 - Responsable de levar a cabo os ensaios segundo as especificacións do consultor

Documentación que necesariamente se debe xerar como resultado do PCC e que se debe presentar xunto co informe final de garantía de calidade, os ensaios e probas que se realicen en obra así como outro tipo de controis. Como mínimo debe incluír o seguinte:

- Control visual: debe realizarse de maneira continua e de forma adaptada ao ritmo das obras, estando presente o consultor na execución de todos os labores de colocación de xeosintéticos.
- Recepción dos materiais en obra.
 - Referencias e etiquetaxe normalizada do material recepcionado en obra segundo *UNE-EN-ISO 10320. Xeotéxtiles e produtos relacionados con xeotéxtiles. Identificación in situ.*
 - Certificados de control de calidade por rolo para xeomembranas e para o resto por lote de fabricación.
 - Conformidade dos materiais, deben especificarse os ensaios de conformidade que se vaian realizar así como o procedemento de mostraxe tomando como frecuencia mínima unha mostra por lote e por cada 10.000 m² de material. No caso de xeotéxtiles recomendase que a forma de avaliar se o material é ou non conforme se realice seguindo as recomendacións das normas *UNE 104.425. Materiais sintéticos. Posta en obra. Sistemas de impermeabilización de vertedoiros de residuos con láminas de PEAD e UNE 13493 Barreiras xeosintéticas. Requisitos para a súa utilización na construción de obras de almacenamento e vertedoiros de residuos sólidos.*
- Control da preparación do terreo adecuada; antes do inicio dos labores de impermeabilización debe comprobar a base de apoio de xeosintéticos así como a execución das gabias de ancoraxe conforme o proxecto.
- Despregamento xeomembranas.
- Descrición da soldadura que hai que executar: os métodos aceptados serán fusión e, nos casos en que esta non se poida executar, extrusión, non permitíndose en ningún caso unións químicas nin adhesivas nin a fusión simple sen canal de comprobación.
- Control soldadura: como mínimo deben realizarse os seguintes ensaios sobre as láminas de PEAD e xeomembranas instaladas:
 - Probas de soldadura diaria («trials») ou soldadura de simulación, realizadas ao inicio de cada xornada, antes de comezar os traballos de soldadura, sobre cada unha das máquinas de soldadura que se utilicen durante a xornada de traballo para comprobar que está a punto. Realizarase sobre dúas pezas de xeomembrana de polo menos 1,5 m de lonxitude e 0,30 m de largura.
 - Ensaos non destrutivos.
 - ✓ Soldaduras dobres con canal de comprobación → Aire a presión 100% das soldaduras.
 - ✓ Soldaduras de extrusión → Ensaio Sprak mediante potenciómetro de campo (chispómetro) 100% das soldaduras.
 - ✓ Soldaduras de extrusión con lámina PEAD lisa → Ensaio de estanqueidade con campá de baleiro.
 - Ensaos destrutivos, realízanse para garantir a correcta execución das soldaduras polo que se deberá tomar mostras de soldadura aproximadamente cada 150 m lineais ou ben sobre o 100% das soldaduras. A toma de mostras debe realizarse de forma aleatoria seleccionándoas de acordo cos seguintes criterios que aseguren que os puntos elixidos representen as peores condicións de soldadura.
 - Evitar a toma de mostras correspondentes aos 1,5 m de soldadura.
 - Repercusión mínima sobre o estado final do sistema de impermeabilización.
 - Elección dos puntos críticos onde as condicións para a realización de soldaduras sexa máis desfavorable.
 - Incidencia sobre aquelas áreas ou sectores instalados con condicións meteorolóxicas desfavorables.
 - ✓ Ensaio de resistencia ao agretamento e á peladura → unha mostra cada 150 m lineais de soldadura.

2. Presentarase o informe final de garantía de calidade xunto co certificado final de fin de obra visado polo correspondente colexio oficial para a realización da preceptiva inspección de comprobación das instalacións. O informe final terá o seguinte contido mínimo:

Introdución/alcance: informe realizado de acordo coas especificacións do Plan de control de calidade presentado pola entidade explotadora previamente á execución dos traballos, debe facerse referencia á data de aprobación deste por parte da Administración e conter a seguinte información:

- Data de realización dos traballos.
- Persoal involucrado.
- Instalador.
- Materiais e equipamentos utilizados.
- Métodos de garantía de control de calidade (definición ensaios, controis e normas).
- Laboratorio de control de calidade_ certificación UNE-EN-ISO 17025 para ensaio con xeosintéticos.

Instalación:

- Modificación con respecto ao deseño orixinal.
- Unións entre xeomembranas.

Desenvolvemento do PCC-resultados:

- Informes diarios da instalación de xeomembranas en que se recollan as condicións climatolóxicas, as áreas impermeabilizadas, as soldaduras realizadas nese día así como as probas e ensaios realizados cos resultados obtidos.
- Certificado de aceptación da superficie da base.
- Táboas de control de mostraxe e codificación das mostras, consistente na identificación mediante códigos alfanuméricos lóxicos e sinxelos.
- Probas de conformidade dos materiais recepcionados incluíndo certificados dos fabricantes de xeosintéticos, resultados dos ensaios de laboratorio certificados asinados polo xefe do proxecto do laboratorio de control de calidade de xeosintéticos, así como informe que conclúa a conformidade dos materiais.

- Resultados dos ensaios non destrutivos e destrutivos especificados no PCC, no caso de ensaios de laboratorio os resultados deben estar certificados e asinados polo xefe do proxecto do laboratorio de control de calidade de xeosintéticos.
- Plano de disposición definitiva de paneis de xeomembrana
- Resumo dos problemas detectados e decisións.
- No caso de existir, informe detallado das reparacións realizadas sobre aqueles sectores de soldadura ou paneis con algún defecto, indicando data de reparación, localización, tipo, método utilizado, dimensións e causas.
- Certificado final de boa execución aceptado e asinado por todas as partes involucradas que conclúa que a instalación dos xeosintéticos foi completada de acordo coas especificacións do plan de control de calidade asegurando que o seguimento do dito plan foi supervisado seguindo criterios de independencia absoluta.
- Reportaxe fotográfica
- Anexos

ANEXO III

Plan de vixilancia e control ambiental

1. Plan de vixilancia e control ambiental.

Elaborarase seguindo as directrices amosadas neste anexo e presentarse, para a súa aprobación, ante o órgano administrativo competente en materia de residuos. Deberá conter un plano da instalación en que se indicarán os puntos de mostraxe.

A toma de mostras que hai que realizar en cumprimento do disposto nos puntos seguintes, será efectuada por un organismo de control autorizado (OCA) e acreditado baixo a norma UNE-EN-ISO/IEC 17020, mentres que as operacións analíticas correrán a cargo dun laboratorio acreditado segundo a norma UNE-EN-ISO/IEC 17025.

Cando da toma de mostras ou dos resultados analíticos non resulte acreditado o cumprimento das exixencias establecidas pola norma baixo a que a OCA ou o laboratorio se atopa acreditado, o interesado poderá manifestar a súa desconformidade ante os mesmos e, en caso de desacordo, ante a autoridade ambiental competente. Mentres non exista unha comunicación por parte da autoridade non se poderá solicitar o mesmo control doutro organismo ou laboratorio acreditado.

2. Resultados do plan de vixilancia e control ambiental.

Serán presentados no formato e forma establecidos polo órgano administrativo competente en materia de residuos como máximo un mes despois do estudo establecido coa periodicidade da táboa que se xunta en función do tipo de vertedoiro.

Tipo de vertedoiro	Periodicidade de presentación de datos	
	Período explotación	Período posclausura (30 anos)
Vertedoiro de residuos inertes	Semestral	Anual
Vertedoiro de residuos non perigosos	Trimestral	Semestral
Vertedoiro de rexeitamentos de RCD	Trimestral	Semestral
Vertedoiro de residuos perigosos	Trimestral	Semestral

Estes conservaranse ata que se declare formalmente clausurado o vertedoiro e como mínimo durante cinco anos e estarán á disposición do órgano administrativo competente en materia de residuos, no formato e forma que este estableza.

As incidencias ocorridas nas instalacións que poidan influír nas condicións de operación e tratamento de augas, na calidade das verteduras ou na calidade do medio receptor serán tamén presentadas co resto dos resultados correspondentes ao Plan de vixilancia e control ambiental e coa periodicidade establecida na anterior táboa en función do tipo de vertedoiro.

3. Rede de vixilancia e control ambiental.

O vertedoiro debe estar dotado dunha rede de vixilancia que permita obter datos: meteorolóxicos, sobre augas superficiais, emisión de lixiviados e de gases, sobre as augas subterráneas potencialmente afectadas e sobre a topografía e outros datos da zona de vertedura.

3.1. Rede de obtención de datos meteorolóxicos. Indicacións.

A empresa debe contar cunha rede de recollida de datos meteorolóxicos segundo as seguintes normas:

1. A finalidade da obtención destes datos é a realización dun balance hídrico das augas recepciónadas no vertedoiro, como elemento eficaz para determinar extremos como a existencia de acumulación ou non de lixiviados no vaso de vertedura ou a perforación da lámina.
2. Deberase establecer unha estación próxima á vertedura da que se xustifique convenientemente que a zona de vertedura está dentro do seu ámbito de cobertura.
3. En caso de que non se poida facer tal afirmación estimaranse os datos a partir dos obtidos nas tres estacións máis próximas que formen un triángulo en que quede inscrito o vertedoiro.
4. Poderanse estimar a partir de datos de estacións meteorolóxicas de organismos oficiais
5. Frecuencia de toma de datos: táboa correspondente do número 4. No caso de que os datos meteorolóxicos sexan tomados de estacións de organismos oficiais bastará coa presentación do balance hídrico no resultado do plan que hai que presentar ante o órgano competente en materia de residuos.

3.2. Rede de vixilancia e control de augas superficiais e lixiviados. Indicacións.

- As instalacións deben contar cunha serie de puntos de toma de mostras de augas superficiais seguindo os seguintes criterios:
 1. Considerarase sempre para a toma de mostras o punto de descarga da rede de desvío de pluviais e as masas de auga situadas a menos de 1.000 m respecto ao perímetro da instalación.
 2. Estableceranse un mínimo de dous puntos de toma de mostras (un augas arriba e outro augas abaixo da instalación).
 3. No caso de vertedoiros novos tomaranse albos de comparación antes de empezar as operacións de vertedura para seren entregados xunto co primeiro informe do programa de vixilancia ambiental, mentres que para vertedoiros en explotación achegaranse os valores analíticos de referencia históricos.
- A empresa debe ter instalada unha rede de vixilancia de lixiviados coas seguintes características:
 1. As balsas de almacenamento de lixiviados servirán como puntos de mostraxe sempre que se dispoñan de sistemas para a prevención dos cambios de composición por perda ou entrada de líquidos.
 2. As instalacións de tratamento de lixiviados deberán dispor de puntos de control da cantidade e calidade destes á entrada e saída da unidade de tratamento.
 3. En cada punto en que se descargue o lixiviado realizarse a toma de mostras e medición.
- A frecuencia da toma de mostras e análises serán as determinadas nas táboas correspondentes dos apartados 4 e 5.

- 3.3. Rede de vixilancia e control da emisión de gases. Indicacións.
 - O control por parte de la empresa debe incluír:
 1. Caudal e composición dos gases do vertedoiro, analizando compostos como CH₄, CO₂, O₂, H₂S, H₂ e NH₃.
 2. A análise deberá realizarse en cada un dos pozos de extracción e, no caso da súa existencia, no sistema de captación activo e na estación de regulación.
 - Frecuencia da toma de mostrás: táboa correspondente do número 4.
- 3.4. Rede de vixilancia e control de augas subterráneas. Indicacións:
 - As instalacións contarán coas seguintes medidas:
 1. Sistema permanente de piezómetros para determinar o nivel das augas subterráneas e tomar mostrás da súa composición.
 2. As medicións realizaranse, polo menos, nun punto situado augas arriba do vertedoiro na dirección do fluxo de augas subterráneas entrante e en, polo menos, dous puntos situados augas abaixo do vertedoiro na dirección do fluxo saínte.
 3. Os piezómetros serán xeorreferenciados (coordenadas X, Y e Z).
 4. Para novos vertedoiros antes de iniciar as operacións de vertedura tomaranse mostrás en cada un dos piezómetros instalados, co fin de establecer valores de referencia.
 5. No caso de vertedoiros xa en explotación xunto co primeiro informe do programa de vixilancia ambiental achegaranse os valores analíticos de referencia históricos.
 6. Cada piezómetro estará executado de acordo con estándares recoñecidos e alcanzará o nivel do acuífero na área de instalación (deberase indicar un diámetro de perforación e entubación e instrumentación do piezómetro).
 7. Os piezómetros instalados deberán selarse con protección bentonita ou similar e dado de formigón selado ou similar para garantir a ausencia de entrada de augas ao tubo de sondaxe.
 8. A caracterización das augas de cada piezómetro farase despois da drenaxe ou bombeo dun mínimo de tres volumes de piezómetro tras un tempo mínimo de repouso de 15 días despois da execución.
 - Os parámetros que hai que controlar e frecuencias mínimas de control son as recollidas nas táboas correspondentes dos números 4 e 5.
- 3.5. Rede de vixilancia e control da topografía da zona. Indicacións:
 - O control de estabilidade do vaso levarase a cabo establecendo puntos de medida nos cales se controlarán os movementos horizontais e verticais da masa de residuos, así como as estruturas asociadas ao vaso de vertedura.
 - Os ditos puntos definiranse con base no resultado do estudo de estabilidade específico e no caso de vertedoiros en que os residuos depositados presenten noiros frontais de altura superior a 20 m ou pendentes maiores de 2,5H:1V deberán contar como mínimo con dous puntos de control (un a pé de noiro e outro na zona de coroación).
 - A descrición da estrutura e composición do vaso de vertedura durante a explotación incluírá:
 - Superficie ocupada polos residuos.
 - Peso
 - Volume
 - Método de depósito e explotación que se está a realizar.
 - Capacidade restante do vaso.
 - Parámetros que hai que controlar e frecuencias mínimas de control: táboa correspondente do número 4.
- 3.6. Tarefas de mantemento
 - A entidade explotadora do vertedoiro debe realizar as tarefas de mantemento necesarias para dispor en correcto estado as instalacións que compoñen o vertedoiro.
4. Táboas de frecuencias.

4.1. Vertedoiro de residuos inertes.

Controis	Acción	Frecuencia mínima fase explotación	Frecuencia mínima fase posclausura
Datos meteorolóxicos	Medida do volume de precipitación	Dato valor medio mensual	Dato valor medio semestral
	Medida de temperatura		
	Medida de evaporación		
	Medida de humidade atmosférica		
	Realización do balance hídrico	Trimestral	Semestral
Controis de datos de emisión: augas superficiais e lixiviados. Controis de protección das augas subterráneas.	Cuantificación do volume de lixiviados	Dato valor medio trimestral	Dato valor medio semestral
	Frecuencia da medida do nivel de augas subterráneas ou niveis freáticos	Semestral	Anual
	Frecuencia de determinación da composición de augas superficiais, subterráneas e lixiviados.	Semestral	Anual
Control da topografía da zona. Datos sobre o vaso de vertedura e asentamentos.	Recoñecementos e inspeccións de fendas, afundimentos e erosións (recoñecemento visual)	Mensual	Trimestral
	Estrutura e composición do vaso de vertedura: superficie ocupada polos residuos, volume e composición destes, capacidade restante dispoñible	Trimestral	-----
	Control de asentamentos e subsidencias	Trimestral	Semestral
	Control de movementos horizontais e verticais da masa de residuos	Trimestral	Semestral
	Levantamento topográfico	Anual (se o vertedoiro xestiona máis de 50.000 t/ano: control semestral)	-----
	Control do estado de la capa de selaxe	-----	Trimestral
Outros	Incidencias ocorridas nas instalacións	Semestral	Anual

4.2. Vertedoiros de rexeitamentos de RCD.

Controis	Acción	Frecuencia mínima fase explotación	Frecuencia mínima fase posclausura
Datos meteorolóxicos	Medida do volumen de precipitación	Dato valor medio mensual	Dato valor medio semestral
	Medida de temperatura		
	Medida de evaporación		
	Medida de humidade atmosférica		
	Realización do balance hídrico	Mensual	Semestral
Controis de datos de emisión: augas superficiais e lixiviados. Controis de protección das augas subterráneas	Cuantificación do volume de lixiviados	Dato valor medio mensual	Dato valor medio semestral
	Frecuencia da medida do nivel de augas subterráneas ou niveis freáticos	Trimestral	Semestral
	Frecuencia de determinación da composición de augas superficiais e nivel simplificado para subterráneas e lixiviados.	Semestral	Anual
	Frecuencia de determinación da composición de augas subterráneas e lixiviados. Nivel completo.	Cada 18 meses	Bianual
Control dos datos de emisión de gases	Composición e caudal de gases de vertedoiro	Anual	Bianual
Control da topografía da zona. Datos sobre o vaso de vertedura e asentamentos.	Recoñecementos e inspeccións de fendas, afundimentos e erosións (recoñecemento visual)	Mensual	Trimestral
	Estrutura e composición do vaso de vertedura: superficie ocupada polos residuos, volume e composición destes, capacidade restante dispoñible	Trimestral	-----
	Control de asentamentos e subsidencias	Trimestral	Semestral
	Control de movementos horizontais e verticais da masa de residuos	Trimestral	Semestral
	Levantamento topográfico	Anual (se o vertedoiro xestiona máis de 50.000 t/ano: control semestral)	-----
	Control do estado da capa de selaxe	-----	Trimestral
Outros	Incidencias ocorridas nas instalacións	Trimestral	Semestral

4.3. Vertedoiro de residuos non perigosos.

Controis	Acción	Frecuencia mínima fase explotación	Frecuencia mínima fase posclausura
Datos meteorolóxicos	Medida do volume de precipitación	Dato valor medio diario	Dato valor medio mensual
	Medida de temperatura		
	Medida de evaporación		
	Medida de humidade atmosférica		
	Realización do balance hídrico	Mensual	Trimestral

Controis	Acción	Frecuencia mínima fase explotación	Frecuencia mínima fase posclausura
Controis de datos de emisión: augas superficiais e lixiviados. Controis de protección das augas subterráneas.	Cuantificación do volume de lixiviados	Dato valor medio mensual	Dato valor medio semestral
	Frecuencia da medida do nivel de augas subterráneas ou niveis freáticos	Trimestral	Semestral
	Frecuencia de determinación da composición de augas superficiais, subterráneas e lixiviados. Nivel simplificado.	Trimestral para superficiais e subterráneas. Mensual para lixiviados.	Anual para superficiais e subterráneas. Semestral para lixiviados
	Frecuencia de determinación da composición de augas superficiais, subterráneas e lixiviados. Nivel completo.	Anual	Bianual
Control dos datos de emisión de gases	Composición e caudal de gases de vertedoiro	Semestral	Anual
Control da topografía da zona. Datos sobre o vaso de vertedura e asentamentos.	Recoñecementos e inspeccións de fendas,, afundimentos e erosións (recoñecemento visual)	Mensual	Trimestral
	Estrutura e composición do vaso de vertedura: superficie ocupada polos residuos, volume e composición destes, capacidade restante dispoñible	Trimestral	-----
	Control de asentamentos e subsidencias	Trimestral	Semestral
	Control de movementos horizontais e verticais da masa de residuos	Trimestral	Semestral
	Levantamento topográfico	Anual (se o vertedoiro xestiona máis de 50.000 t/ano: control semestral)	-----
	Control do estado da capa de selaxe	-----	Trimestral
Outros	Incidencias ocorridas nas instalacións	Trimestral	Semestral

4.4. Vertedoiro de residuos perigosos.

Controis	Acción	Frecuencia mínima fase explotación	Frecuencia mínima fase posclausura
Datos meteorolóxicos	Medida do volume de precipitación	Dato valor medio diario	Dato valor medio mensual
	Medida de temperatura		
	Medida de evaporación		
	Medida de humidade atmosférica		
	Realización do balance hídrico	Mensual	Trimestral

Controis	Acción	Frecuencia mínima fase explotación	Frecuencia mínima fase posclausura
Controis de datos de emisión: augas superficiais e lixiviados. Controis de protección das augas subterráneas	Cuantificación do volume de lixiviados	Dato valor medio mensual	Dato valor medio trimestral
	Frecuencia da medida do nivel de augas subterráneas ou niveis freáticos	Mensual	Trimestral
	Frecuencia de determinación da composición de augas superficiais, subterráneas e lixiviados. Nivel simplificado.	Mensual	Trimestral
	Frecuencia de determinación da composición de augas superficiais, subterráneas e lixiviados. Nivel completo.	Semestral	Anual
Control dos datos de emisión de gases	Composición e caudal de gases de vertedoiro	Mensual	Trimestral
Control da topografía da zona. Datos sobre o vaso de vertedura e asentamentos.	Recoñecementos e inspeccións de fendas, afundimentos e erosións (recoñecemento visual)	Semanal	Trimestral
	Estrutura e composición do vaso de vertedura: superficie ocupada polos residuos, volume e composición desteos, capacidade restante dispoñible	Trimestral	-----
	Control de asentamentos e subsidencias	Trimestral	Semestral
	Control de movementos horizontais e verticais da masa de residuos	Trimestral	Semestral
	Levantamento topográfico	Anual (se o vertedoiro xestiona máis de 50.000 t/ano: control semestral)	-----
	Control do estado da capa de selaxe	-----	Trimestral
Outros	Incidencias ocorridas nas instalacións	Trimestral	Semestral

5. Táboas de parámetros que hai que analizar para a determinación da calidade das augas superficiais, subterráneas e lixiviados. Recomendase realizar a toma de mostras dos lixiviados, das augas subterráneas e das augas superficiais na mesma data.

5.1. Veredoiro de residuos inertes. Lixiviados e augas subterráneas.

Parámetros	
pH	Cromo total e VI (mg/l)
Condutividade (µS/cm.)	Mercurio (mg/l)
DQO (mg O ₂ /l)	Chumbo (mg/l)
COD	Bario (mg/l)
COT	Cobre (mg/l)
Alcalinidade e dureza (mg CaCO ₃ /l)	Zinc (mg/l)
Sólidos en suspensión (mg/l) e materia sedimentable (ml/l)	Antimonio (mg/l)
Cloruros (mg/l)	Níquel (mg/l)
Fluoruros (mg/l)	Selenio (mg/l)

Parámetros	
Sulfatos e sulfuros (mg/l)	Molibdeno (mg/l)
Arsénico (mg/l)	Fenois (mg/l)
Cadmio (mg/l)	Hidrocarburos e aceites (mg/l)
Nitróxeno amoniacal (mg/l)*	Fósforo total (mg/l)*
Nitróxeno nítrico (mg/l)*	

* Unicamente analizar para lixiviados.

5.2. Veredoiro de residuos inertes. Augas superficiais.

Parámetros	
pH	Amonio total (mg/l)
Sólidos en suspensión (mg/l)	Fosfatos (mg/l)
DBO ₅ (mg O ₂ /l)	Nitritos (mg/l)
O ₂ disuelto (mg/l)	Cobre (mg/l)
Zinc (mg/l)	

5.3. Vertedoiro de rexeitamentos de RCD. Lixiviados e augas subterráneas.

Parámetro	Alcance analítico		Parámetro	Alcance analítico	
	Nivel simplificado	Nivel completo		Nivel simplificado	Nivel completo
pH	X	X	Chumbo (mg/l)	X	X
Temperatura (°C)		X	Aluminio (mg/l)		
Conductividade (µS/cm.)	X	X	Bario (mg/l)	X	X
DQO (mg O ₂ /l)	X	X	Berilio (mg/l)		
DBO ₅ (mg O ₂ /l)	X	X	Boro (mg/l)		
COD	X	X	Cobre (mg/l)	X	X
COT	X	X	Ferro (mg/l)		
Alcalinidade e dureza (mg CaCO ₃ /l)	X	X	Prata (mg/l)		
Carbonatos/bicarbonatos (mg/l)			Zinc (mg/l)	X	X
Calcio (mg/l)		X	Talio (mg/l)		
Magnesio (mg/l)			Teluro (mg/l)		
Potasio (mg/l)		X	Antimonio (mg/l)	X	X
Sodio (mg/l)		X	Níquel (mg/l)	X	X
Sólidos en suspensión (mg/l) e materia sedimentable (ml/l)	X	X	Selenio (mg/l)	X	X
Cianuros (mg/l)		X	Cobalto (mg/l)		
Cloruros (mg/l)	X	X	Molibdeno (mg/l)	X	X
Fluoruros (mg/l)	X	X	Vanadio (mg/l)		
Nitratos e nitritos (mg/l)		X	Coliformes totais (NMP ou UFC/100 ml)		
Nitróxeno Kjeldahl total (mg/l)		X	Coliformes fecais (NMP ou UFC/100 ml)		
Amonio (mg/l)		X	Fenoles (mg/l)	X	X
Sulfatos e sulfuros (mg/l)	X	X	Hidrocarburos e aceites (mg/l)	X	X
Fósforo total (mg/l)		X	HPA (mg/l)		
Arsénico (mg/l)			Orgánicos volátiles e semivolátiles (mg/l)		
Cadmio (mg/l)	X	X	Pesticidas e herbicidas (mg/l)		
Cromo total e VI (mg/l)	X	X	BTEX (mg/l)		
Manganeso (mg/l)			PCBs (mg/l)		
Mercurio (mg/l)	X	X			

5.4 Vertedoiro de rexeitamentos de RCD. Augas superficiais.

Parámetros	
pH	Amonio total (mg/l)
Sólidos en suspensión (mg/l)	Fosfatos (mg/l)

Parámetros	
DBO ₅ (mg O ₂ /l)	Nitritos (mg/l)
O ₂ disolto (mg/l)	Cobre (mg/l)
Zinc (mg/l)	

5.5. Vertedoiro de residuos non perigosos. Lixiviados, augas superficiais e subterráneas.

Parámetro	Alcance analítico		Parámetro	Alcance analítico	
	Nivel simplificado	Nivel completo		Nivel simplificado	Nivel completo
pH	X	X	Chumbo (mg/l)	X	X
Temperatura (°C)		X	Aluminio (mg/l)		X
Conductividade (µS/cm.)	X	X	Bario (mg/l)	X	X
DQO (mg O ₂ /l)	X	X	Berilio (mg/l)		
DBO ₅ (mg O ₂ /l)	X	X	Boro (mg/l)		
COD	X	X	Cobre (mg/l)	X	X
COT	X	X	Ferro (mg/l)		X

Parámetro	Alcance analítico		Parámetro	Alcance analítico	
	Nivel simplificado	Nivel completo		Nivel simplificado	Nivel completo
Alcalinidade e dureza (mg CaCO ₃ /l)	X	X	Prata (mg/l)		X
Carbonatos/bicarbonatos (mg/l)		X	Zinc (mg/l)	X	X
Calcio (mg/l)		X	Talio (mg/l)		
Magnesio (mg/l)		X	Teluro (mg/l)		
Potasio (mg/l)	X	X	Antimonio (mg/l)	X	X
Sodio (mg/l)		X	Níquel (mg/l)	X	X
Sólidos en suspensión (mg/l) e materia sedimentable (ml/l)	X	X	Selenio (mg/l)	X	X
Cianuros (mg/l)	X	X	Cobalto (mg/l)		
Cloruros (mg/l)	X	X	Molibdeno (mg/l)	X	X
Fluoruros (mg/l)	X	X	Vanadio (mg/l)		
Nitratos e nitritos (mg/l)	X	X	Coliformes totais (NMP ou UFC/100 ml)	X	X
Nitróxeno Kjeldahl total (mg/l)	X	X	Coliformes fecais (NMP ou UFC/100 ml)	X	X
Amonio (mg/l)	X	X	Fenois (mg/l)	X	X
Sulfatos e sulfuros (mg/l)	X	X	Hidrocarburos e aceites (mg/l)	X	X
Fósforo total (mg/l)	X	X	HPA (mg/l)		X
Arsénico (mg/l)	X	X	Orgánicos volátiles e semivolátiles (mg/l)		X
Cadmio (mg/l)	X	X	Pesticidas e herbicidas (mg/l)		X
Cromo total e VI (mg/l)	X	X	BTEX (mg/l)		X
Manganeso (mg/l)		X	PCBs (mg/l)	X	X
Mercurio (mg/l)	X	X	O ₂ disolto (mg/l)*	X	X

* Unicamente analizar para augas superficiais.

5.6. Vertedoiro de residuos perigosos. Lixiviados, augas superficiais e subterráneas.

Parámetro	Alcance analítico		Parámetro	Alcance analítico	
	Nivel simplificado	Nivel completo		Nivel simplificado	Nivel completo
pH	X	X	Chumbo (mg/l)	X	X
Temperatura (°C)		X	Aluminio (mg/l)		X
Conductividade (µS/cm.)	X	X	Bario (mg/l)	X	X
DQO (mg O ₂ /l)	X	X	Berilio (mg/l)		X
DBO ₅ (mg O ₂ /l)		X	Boro (mg/l)		X
COD	X	X	Cobre (mg/l)	X	X
COT	X	X	Ferro (mg/l)		X
Alcalinidade e dureza (mg CaCO ₃ /l)	X	X	Prata (mg/l)		X
Carbonatos/bicarbonatos (mg/l)		X	Zinc (mg/l)	X	X
Calcio (mg/l)		X	Talio (mg/l)		X
Magnesio (mg/l)		X	Teluro (mg/l)		X
Potasio (mg/l)	X	X	Antimonio (mg/l)	X	X
Sodio (mg/l)		X	Níquel (mg/l)	X	X
Sólidos en suspensión (mg/l) e materia sedimentable (ml/l)	X	X	Selenio (mg/l)	X	X
Cianuros (mg/l)	X	X	Cobalto (mg/l)		X
Cloruros (mg/l)	X	X	Molibdeno (mg/l)	X	X
Fluoruros (mg/l)	X	X	Vanadio (mg/l)		X
Nitratos e nitritos (mg/l)		X	Coliformes totais (NMP ou UFC/100 ml)		
Nitróxeno Kjeldahl total (mg/l)	X	X	Coliformes fecais (NMP ou UFC/100 ml)		
Amonio (mg/l)		X	Fenois (mg/l)	X	X
Sulfatos e sulfuros (mg/l)	X	X	Hidrocarburos e aceites (mg/l)	X	X
Fósforo total (mg/l)	X	X	HPA (mg/l)	X	X
Arsénico (mg/l)	X	X	Orgánicos volátiles e semivolátiles (mg/l)	X	X
Cadmio (mg/l)	X	X	Pesticidas e herbicidas (mg/l)		X
Cromo total e VI (mg/l)	X	X	BTEX (mg/l)	X	X
Manganeso (mg/l)	X	X	PCB (mg/l)	X	X
Mercurio (mg/l)	X	X	O ₂ disuelto (mg/l)*	X	X

* Unicamente analizar para augas superficiais.

Indicadores de control e niveis de intervención.

A empresa deberá establecer indicadores de control e niveis de intervención para cada un dos parámetros medidos para o control de augas superficiais, subterráneas, lixiviados, gases e topografía do vertedoiro tendo en conta, entre outros, os datos do estado preoperativo do vertedoiro (albos de comparación). Estes deberán ser presentados co primeiro informe do plan de vixilancia ambiental.

6. Outras consideracións.

A entidade explotadora notificará, no prazo máximo de 24 horas, á autoridade ambiental competente, así como ao concello en que se localice o vertedoiro, toda variación dos parámetros de control que poida supor un efecto negativo sobre o medio ou a saúde das persoas, en particular cando se superen os niveis de intervención. Nesta situación deberá aplicarse o plan de emerxencia presentado para a obtención da autorización.

A entidade explotadora acatará a decisión final da autoridade ambiental competente e presentará toda a documentación requirida por esta para facer fronte aos efectos negativos causados.

Tras a presentación dos resultados das análíticas efectuadas e en función do histórico destas, o órgano administrativo competente en materia de residuos poderá modificar a frecuencia e a relación de parámetros e puntos que hai que controlar.

Xustificadamente, por petición do interesado e coa conformidade do órgano administrativo competente en materia de residuos, os seguintes parámetros poderán non determinarse sempre e cando se cumpran os criterios que se expoñen a continuación:

- DQO, COD, DBO₅ en caso de valores de COT non significativos.
- Nitratos, nitritos e amonio en caso de valores de nitróxeno Kjeldahl total non significativos.
- Hidrocarburos no caso de valores de aceites e graxas non significativos.
- HPA, pesticidas, herbicidas e BTEX no caso de valores de orgánicos volátiles e semivolátiles non significativos.

Á vista dos resultados presentados o órgano ambiental competente en materia de residuos poderá exixir á empresa explotadora do vertedoiro que realice selaxes temporais das celas de vertedura xa colmatadas co fin de reducir a cantidade de lixiviados xerada no vertedoiro.

ANEXO IV

Criterios e procedementos de admisión

Este punto ten como obxectivo completar o contido da Decisión 2003/33/CE do Consello, do 19 de decembro de 2002, pola que se establecen os criterios e procedementos de admisión de residuos nos vertedoiros conforme o artigo 10 e o anexo II da Directiva 1999/31/CEE -de aquí en diante a decisión- naqueles aspectos en que non aparece totalmente definida, sendo de obrigado cumprimento tanto as consideracións da devandita decisión como as expostas a continuación.

1. Procedementos de admisión.

Para determinar a admisibilidade de residuos nun vertedoiro contemplaranse os seguintes niveis definidos no anexo da decisión:

- Nivel 1. Caracterización básica.
- Nivel 2. Probas de conformidade.
- Nivel 3. Verificación *in situ*.

1.1 Nivel 1: caracterización básica:

A información xerada como consecuencia da realización da caracterización básica de cada residuo recollerase no documento de caracterización básica do residuo (*DCB*) que terá como contido mínimo o seguinte e que seguirá o modelo do apéndice IV.1 achegando, no caso de ser necesaria, a analítica do residuo:

- a) Fonte e orixe do residuo.
- b) Información sobre o proceso de produción do residuo (descrición e características das materias primas e dos produtos) e grao de homoxeneidade.
- c) Descrición do tratamento previo aplicado ao residuo de conformidade co disposto no artigo 6.1º do R.D. 1481/2001 ou unha xustificación pola que ese tratamento non se considera necesario.
- d) Características do residuo:
 - Aspecto (olor, color, forma física)
 - Composición química.
 - Achegaranse polo menos dúas fotografías en que se aprecie claramente o aspecto do residuo.
 - Humidade ou xustificación da non medición desta.
 - Temperatura ou xustificación da non medición desta.
 - pH.
 - Punto de inflamación (para aqueles residuos en que exista dúbida sobre a súa inflamabilidade).
 - Comportamento de lixiviación, se procede, calculado en termos de liberación total para as proporcións entre líquido e sólido L/S=10.

No caso daqueles residuos para os que non se require determinar o seu comportamento de lixiviación ou se trate de mesturas de residuos inertes ou urbanos, en lugar da composición química dos residuos determinarase as fraccións, en peso, dos residuos que o compoñen.

- e) Información que probe que o residuo non está excluído de xestión en vertedoiro en virtude dos criterios mencionados no artigo 5.3º do R.D. 1481/2001 e dos seguintes aspectos:
 - Residuos con humidade superior a un 65 % en peso.
 - Residuos que presenten unha temperatura superior a 50 °C.

- f) Código conforme a Lista Europea de Residuos (LER), publicada na Orde MAM/304/2002, do 8 de febreiro, pola que se publican as operacións de valorización e eliminación de residuos e a Lista Europea de Residuos ou as súas posibles revisións publicadas pola Comisión Europea e conforme o R.D. 952/1997, do 20 de xuño, para residuos perigosos.
- g) Cando un residuo presente entrada espello na Lista Europea de Residuos deberán determinarse obrigatoriamente as características de perigosidade conforme o anexo III da Directiva 91/689/CEE do Consello, do 12 de decembro de 1991, relativa aos residuos perigosos.
- h) Comprobación da posibilidade de reciclado ou valorización do residuo.
- i) Clase de vertedoiro en que se pode admitir o residuo.
- j) De ser o caso, precaucións adicionais que se deben adoptar no vertedoiro.
- k) Para aqueles residuos de produción regular, establecemento dos parámetros críticos e periodicidade das probas de conformidade con base nos seguintes criterios:
 - Tomaranse obrigatoriamente como parámetros críticos aqueles resultados analíticos dos criterios de admisión que superen ou igualem o 75 % do valor límite do fixado para a aceptación de residuos na clase de vertedoiro proposto, ou no caso de porcentaxes inferiores, os dous parámetros que máis se aproximen ao dito valor.
 - A periodicidade de realización das probas de conformidade dependerá das características do residuo e nunca será inferior á indicada no punto seguinte.

O órgano administrativo competente en materia de residuos poderá requirir a realización de ensaios ou probas complementarias ás indicadas anteriormente.

O obrigado a facer a caracterización básica é o produtor do residuo, podendo facela o xestor; neste último caso, o produtor será o responsable de proporcionarlle ao xestor toda a información e/ou documentación necesaria para realizar unha caracterización básica axeitada.

1.2 Nivel 2: Probas de conformidade:

A periodicidade de realización das probas de conformidade será a establecida na caracterización básica e como mínimo a seguinte:

- a) Se a entrada anual do residuo é maior ou igual a 500 t/ano as probas realizaranse cada 500 t do dito residuo enviadas ao vertedoiro.
- b) Se a entrada anual é menor de 500 t as probas de conformidade realizaranse unha vez ao ano.

Por solicitude do interesado e tras o visto e prace do órgano administrativo competente en materia de residuos, poderá espazarse a periodicidade das probas de conformidade para aqueles residuos de produción regular dun mesmo produtor, sempre que da análise da seguinte documentación, que se incluírá coa caracterización básica, así se desprenda:

- Gama de composición dos residuos específicos.
- Gama e variabilidade das propiedades características.

Para a realización das probas de conformidade a mostra dividírase como mínimo en dúas fraccións, unha sobre a que se realizarán as probas de conformidade e outra como diriminte, esta última dunha cantidade mínima de 200 g, que se depositará precintada nas instalacións do vertedoiro debidamente preservada (nun recipiente de material axeitado á natureza do residuo que se vai analizar) durante un período mínimo de 4 meses.

1.3 Nivel 3: verificación *in situ*:

O explotador do vertedoiro deberá controlar para cada carga de residuos á entrada do vertedoiro:

- Que posúa a documentación regulamentaria correspondente (DAR e documentos de traslado).
- Que, en caso de ser aplicable, se dispón das probas de conformidade.

Farase unha verificación de temperatura, sempre e cando a caracterización básica o preveña, e inspección visual, para corroborar que o aspecto do residuo se semella ao recollido nas fotografías da caracterización básica.

No caso de que a autoridade ambiental o considere necesario pola cantidade, diversidade de orixes ou incidencia ambiental do residuo, a entidade explotadora deberá tomar á chegada do residuo ás instalacións unha mostra de forma que sexa representativa da totalidade da carga recibida nas instalacións. As mostras conservaranse durante un período mínimo de catro meses. Cada mostra tomarase nunha cantidade mínima de 200 g, salvo que as características químicas do residuo o desaconsellen, e será envasada nun recipiente de material axeitado á natureza do residuo que se vai analizar.

Os residuos só poderán ser admitidos no vertedoiro se son os mesmos que os sometidos á caracterización básica e ás probas de conformidade e figuran descritos nos documentos que os acompañan. En caso contrario o residuo non poderá ser admitido e procederase a reflectir esta situación no rexistro de incidencias.

Por solicitude do interesado, para aqueles vertedoiros asociados a unha actividade produtiva, vertedoiros de cola, e nos que se depositen a mesma tipoloxía de residuos, poderase establecer unha metodoloxía distinta e adaptada ás súas instalacións.

A entidade explotadora do vertedoiro deberá recoller e separar aquelas fraccións de residuos valorizables que cheguen mesturados ao vertedoiro, almacenalos nunha zona específica habilitada para tal fin e entregalos a xestor de residuos autorizado.

1.4 Métodos de toma de mostras e probas:

No prazo de tres anos desde a publicación desta orde, as entidades que realicen as probas para a caracterización básica e as probas e conformidade correrán a cargo de laboratorios acreditados por unha entidade oficial de acreditación para análise de residuos e para os parámetros químicos que se analizan, segundo a norma UNE-EN-ISO/IEC 17025 que establece os requisitos relativos á competencia técnica dos laboratorios de ensaio e calibración, ou a que nun futuro a substitúa e que sexa de aplicación en función do seu ámbito de actuación. Todo isto de conformidade co último parágrafo do número 2 do anexo II do R.D. 1481/2001.

No caso de que un laboratorio acreditado subcontrate a realización dalgunha das determinacións analíticas deberá indicalo no seu informe e xuntar a este o informe completo dos resultados emitidos por cada un dos laboratorios subcontratados, todos debidamente asinados.

Durante o período transitorio as ditas tarefas correrán a cargo de laboratorios con experiencia acreditada en probas con residuos e análises destes e que posúan no seu cadro de persoal técnicos con titulación axeitada. Valorase estar en posesión dun sistema eficaz de garantía da calidade.

A toma de mostras será realizada por persoas e entidades independentes do produtor e xestor do residuo, seguindo os criterios da norma UNE-EN 14899:2007 (Caracterización de residuos. Toma de mostras de residuos. Esquema para a preparación e aplicación dun plan de mostraxe). Non obstante, a toma de mostras poderán levala a cabo produtores de residuos ou operadores coa condición de que realicen un control anual por parte dun organismo de control autorizado (na área: ambiental e no ámbito: residuos) que garanta inicialmente a implantación dun plan de mostraxe axeitado así como o seu seguimento.

Para estes efectos, os xestores comunicarán ao órgano administrativo competente en materia de residuos, no prazo dun mes desde o outorgamento da autorización, a persoa ou entidade independente do produtor ou xestor que realizará a toma de mostras, ou no caso de ser asumida polo propio xestor, o organismo de control autorizado encargado de realizar o control anual xunto co seu plan de actuación e documentación xustificativa do contrato establecido entre as dúas empresas así como o laboratorio que realizará as probas.

No caso de que o laboratorio designado para realizar as probas non se atope acreditado, deberá presentar ademais os datos requiridos no apéndice IV.3. Pasados tres anos desde a publicación desta orde deberá comunicar, de novo, ao órgano administrativo competente en materia de residuos o laboratorio acreditado encargado destas tarefas.

Considerarase que as entidades son axeitadas no caso de que a Administración non se pronuncie en contra.

Os métodos de referencia para a medición dos parámetros serán métodos normalizados polo Comité Europeo de Estandarización (CEN). En ausencia de métodos normalizados polo CEN poderanse utilizar métodos normalizados pola Organización Internacional de Estandarización (ISO) ou métodos normalizados nacionais (normas UNE). Poderase utilizar tamén calquera outro método validado ou acreditado, sempre que garanta a obtención de resultados equivalentes aos métodos de referencia. Os métodos recomendados para utilizar aparecen reflectidos no apéndice IV.2.

2. Criterios de admisión.

Para os vertedoiros de residuos inertes e vertedoiros de residuos perigosos respectarase o establecido na Decisión 2003/33/CE do Consello, do 19 de decembro de 2002, pola que se establecen os criterios e procedementos de admisión de residuos nos vertedoiros conforme o artigo 10 e o anexo II da Directiva 1999/31/CEE.

2.1. Valores límite de aceptación dos ensaios de lixiviación para vertedoiros de residuos non perigosos

Compoñente	Vertedoiro para residuos non perigosos mg/kg de materia seca
As	2
Ba	100
Cd	1
Cr total	10
Cu	50
Hg	0,2
Mo	10
Ni	10
Pb	10
Sb	0,7
Se	0,5
Zn	50
Cloruro	15.000
Fluoruro	150
Sulfato	20.000
COD(*)	800
STD(**)	60.000

(*) Cando o depósito controlado estea especialmente deseñado para a recepción de residuos orgánicos, se xustifique que o seu proceso de depuración de lixiviados é eficaz e sempre e cando os factores ambientais de risco (produción de lixiviados, estabilidade do vertedoiro, emisión de gases, etc.) non poñan en perigo a saúde humana e non prexudiquen o ambiente creando riscos para a auga, o solo, a fauna ou a flora, este límite poderá ser superado tras contar coa aprobación do órgano administrativo competente en materia de residuos. Neste caso estableceranse as seguintes medidas de protección adicionais:

- Seguirase o establecido no punto 1.2 no relativo ás probas e conformidade, sendo a cantidade de residuos orgánicos crítica 200 t en vez de 500.
- A frecuencia mínima de realización de probas analíticas para os gases do vertedoiro será mensual.
- A frecuencia do recoñecemento de fendas, afundimentos e erosións será quincenal.

(**) O valor de STD (sólidos totais disoltos) poderá utilizarse como alternativa ao valor de sulfatos e cloruros.

Por solicitude do interesado, e tras autorización específica do órgano administrativo competente en materia de residuos, poderán admitirse valores límites ata tres veces superiores para certos parámetros, sempre e cando se establezan medidas específicas de protección adicional do ambiente.

2.2. Residuos admisibles sen realización previa de probas en vertedoiros para residuos non perigosos.

Os vertedoiros de residuos non perigosos que reciban residuos municipais non valorizables ou rexeitamentos do tratamento destes sen realización previa de probas, deberán enviar semestralmente ao órgano administrativo competente en materia de residuos a seguinte documentación que complete a caracterización básica obrigatoria para cada tipo de residuo e que amose a información necesaria para determinar se están a cumprir os obxectivos que sobre a cantidade de residuos urbanos biodegradables destinados a vertedoiro se establecen no artigo 5 do R.D. 1481/2001:

- a) Cando se trate de residuos non valorizables e previamente separados -en orixe ou ben nos centros xestores: a súa tipoloxía, de forma que ademais da caracterización básica se achegue o contido en materia orgánica.
- b) En caso contrario: identificación das distintas fraccións que o compoñen e determinando en porcentaxe o contido en:
 - Inorgánicos: PET, PEAD, PVC, film, resto de plásticos, aceiro, aluminio, brick, vidro, téxtil, plástico non envase, resto obras menores.
 - Orgánicos: restos comida, pezas diferenciabes (froita), restos non comida, restos de xardín e podas, celulosas, papel/cartón, madeira, madeira non envase.
 - Outras fraccións.
- c) No caso de que os residuos se sometesen previamente a seren vertidos a un tratamento co obxecto de diminuír a súa biodegradabilidade: información sobre o grao desta, obtido mediante, por exemplo, a realización dos correspondentes tests de biodegradabilidade.

A petición do interesado ou por decisión do órgano administrativo competente en materia de residuos as caracterizacións que se presenten poderanse establecer baixo outras directrices e tendo en conta outros parámetros.

2.3 Criterios específicos para residuos de amianto:

Para admisión en vertedoiro de residuos non perigosos de amianto cómpre facer as seguintes aclaracións con base no punto 2.3.3 da decisión:

- a) Unicamente se aceptarán materiais de construción que conteñan amianto aglomerado, incluíndo as fibras aglomeradas mediante aglutinante ou envasadas en plástico, sempre que presenten baixa friabilidade, como por exemplo tubos de fibrocemento realizados con amianto, placas de uralita planas ou onduladas, etc. Estes residuos non poderán conter outra substancia perigosa diferente do amianto nin poderán presentarse triturados ou en estado poeirento. Non se aceptarán, polo tanto, no vertedoiro materiais friables como: flocados, calorifugados, borra de amianto sen embalar, trenzados e rodets de amianto, cartóns de amianto, adhesivos e argamasas de densidade inferior a 1, feltros de amianto, filtros para aire, gas e líquidos, produtos ríxidos compostos de materiais friables situados entre materiais que non conteñen amianto pero cuxa superficie está degradada, etc.
- b) Os vertedoiros que queiran admitir residuos de amianto deberán identificar previamente a os verter, mediante plano e na propia superficie do vertedoiro, unha ou varias celas/zonas destinadas unicamente ao seu depósito sen ser necesaria a disposición de barreiras laterais de impermeabilización. Por outra banda, anualmente, o explotador do vertedoiro deberá remitir á DXCAA plano do vertedoiro en que se identifique a zona onde se verteron os ditos residuos, indicando as súas cotas superior e inferior.
- c) Considerase material adecuado para a formación da cobertura diaria aquel que non conteña materiais angulosos que poidan producir danos por punzamento (considérase válido, por exemplo, o uso de terra vexetal).

Para poder proceder ao depósito de residuos de amianto en vertedoiro, tanto de residuos perigosos como de non perigosos, deben considerarse as seguintes medidas adicionais de protección:

- a) Para a súa aceptación por parte do vertedoiro os residuos que conteñan amianto deberán estar enteiros, libres de po de amianto e introducidos en sacos ou sistemas que garantan igual ou maior protección debidamente sinalizados e perfectamente cerrados e protexidos con fundas de material plástico ou similar co fin de garantir a imposibilidade de emisión de fibras durante a súa manipulación.
- b) A manipulación dos sacos/embalaxes de residuos de amianto realizarase de forma que non se produza a rotura nin do contido nin do continente. Recoméndase o uso de guindastre ou similar.
- c) Tras a colmatación da cela/zona dedicada á eliminación deste tipo de residuos recubrirase cunha capa de, como mínimo, 30 cm de material non punzante co fin de que o recubrimento plástico dos materiais de amianto non se vexa danado polos residuos que a continuación entrarán en contacto.
- d) Deberase contar coa aprobación da autoridade laboral competente na materia de protección dos traballadores contra os riscos relacionados coa exposición ao amianto (*Real decreto 396/2006, do 31 de marzo, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde aplicables aos traballos con risco de exposición ao amianto*).

1.5 Criterios de actuación ante o non cumprimento dos niveis de admisión:

Se un tipo de residuo non cumpre cos valores límite da clase de vertedoiro que lle corresponde por tipoloxía poderá:

- a) Someterse a tratamento adicional e verificar de novo o cumprimento dos límites establecidos.
- b) Destinarse a outra tipoloxía de vertedoiro para o cal se cumpran os valores límite.

3. Control documental.

A entidade explotadora levará un rexistro da información producida como consecuencia da aplicación do procedemento de admisión de residuos (caracterización básica, probas de conformidade e rexistro de incidencias da verificación *in situ*), que deberá conservar ata a clausura do vertedoiro e, en todo caso, durante un período mínimo de cinco anos. A dita información estará a disposición da autoridade competente na materia e, de ser o caso, no formato e forma que esta última dispoña.

Para o caso do resultado das probas de conformidade, o produtor do residuo tamén levará un rexistro do resultado das probas, que conservará por un período mínimo de cinco anos e estará á disposición da autoridade competente.

O órgano administrativo competente en materia de residuos poderá solicitar os resultados da caracterización básica por medio do DCB (documento de caracterización básica) e das probas de conformidade, na forma e formato que este dispoña.

Apéndice IV.1. Documento de caracterización básica (DCB)

DOCUMENTO DE CARACTERIZACIÓN BÁSICA (DCB)		Nº
DATOS DO PRODUTOR OU XESTOR INTERMEDIO		
Nome ou razón social:		CIF/NIF:
Denominación do centro:	Persoa de contacto:	
Enderezo:		
Código postal:	Localidade:	Provincia:
Nº tfno.:	Nº fax:	Correo electrónico:

DATOS DO RESIDUO						
Descrición do residuo:						
Código LER segundo Orde MAM/304/2002) (seis díxitos)						
Código de identificación segundo táboas do R.D. 952/1997 (só residuos perigosos)						
Táboa 1 Q	Táboa 2 D R	Táboa 3	Táboa 4 C C	Táboa 5 H H	Táboa 6 A	Táboa 7 B
Proceso de produción do residuo:				Residuo de produción regular: SI <input type="checkbox"/> NON <input type="checkbox"/>		
Grao de homoxeneidade:				Tratamento previo:		
Características do residuo						
Olor:		Cor:		Forma física/estado: <input type="checkbox"/> Sólido <input type="checkbox"/> Granular <input type="checkbox"/> Pastoso		
Composición química:						
Punto de inflamación:		Temperatura (°C):		Humidade (% en peso):		pH:
Comportamento de lixiviación (L/S= 10 l/kg)						
Responsable mostraxe:		Laboratorio análise:			Data mostraxe:	
Código ou referencia da análise:				Data análise:		
Resultados probas lixiviación L/S=10 (analizar os parámetros necesarios en función do tipo de residuo):						
As:		Sb:		COT:		
Ba:		Se:		CNA:		
Cd:		Zn:		BTEX:		
Cr total:		Cloruro:		PCB:		
Cu:		Fluoruro:		Aceite mineral (C10 a C40):		
Hg:		Sulfato:		HPA:		
Mo:		Índice de fenol:				
Ni:		COD:				
Pb:		STD:				
Parámetros críticos: marcar en cor vermella na relación anterior.						
Periodicidade das probas de conformidade:						
Fotografías						
Posibilidade de reciclaxe ou valorización do residuo:						
Clase de vertedoiro en que se pode admitir:						
Precaucións adicionais:						

Apéndice IV.2. Métodos de análise e metodoloxías recomendadas para a caracterización básica e probas de conformidade de residuos

- Propiedades xerais dos residuos.
 - UNE-EN 13137:2002. Determinación do carbono orgánico total (TOC) nos residuos, lodos e sedimentos.
 - UNE-EN 14346:2007. Cálculo da materia seca por determinación do residuo seco ou contido en auga.
 - UNE-EN 15169:2007. Determinación das perdas por calcinación en residuos, lodos e sedimentos (LOI).
 - ASTM D56/05: Determinación punto de inflamación.
- Probas de lixiviación.
 - UNE-EN 12457-4:2003. Lixiviación. Ensaio de lixiviación de residuos granulares e lodos. -Parte 4: Ensaio por lotes de dúas etapas cunha relación líquido-sólido de 10 l/kg para materiais cun tamaño de partícula inferior a 10 mm (con ou sen redución de tamaño).
- Dixestión dos residuos crus.
 - UNE-EN 13656:2003. Dixestión asistida por microondas cunha mestura de ácido fluorhídrico (HF) nítrico (HNO₃) e clorhídrico (HCl) para a determinación subseguinte de elementos (dixestión total do residuo sólido antes da análise elemental).
 - UNE-EN 13657:2003. Dixestión para a determinación subseguinte da porción soluble dos elementos solubles en auga rexia (dixestión parcial do residuo sólido antes da súa análise elemental, deixando a matriz de silicato intacta).
- Análise.
 - UNE-EN 12506:2004. Análise de eluatos: determinación do pH, As, Ba, Cd, Cl⁻, Co, Cr, Cr VI, Cu, Mo, Ni, NO₃⁻, Pb, S total, SO₄²⁻, V e Zn.
 - UNE-EN 13370:2004. Análise de eluatos: determinación do amoníaco, AOX, condutividade, Hg, índice de fenóis, TOC, CN⁻ facilmente liberable e F⁻.
 - UNE-EN 14039:2005. Determinación do contido en hidrocarburos dentro da gama entre C10-C40 mediante cromatografía de gases.
 - UNE-EN 15216:2008. Determinación de sólidos totais disoltos (TDS) en auga e eluatos.

Apéndice IV.3. Documento para avaliación da idoneidade dos laboratorios para probas de caracterización básica

LABORATORIO PARA AS PROBAS DE CARACTERIZACIÓN BÁSICA		
Nome ou razón social:		CIF/NIF:
Persoa de contacto:	Datos de contacto:	
Enderezo:		
Código postal:	Localidade:	Provincia:
<u>Cadro de persoal</u>		
Titulación dos técnicos	Experiencia	Nº técnicos
<u>Material e equipamento do laboratorio</u>		
Nome do equipo		Antigüidade
<u>Métodos de análise utilizados</u>		
Denominación do método	Parámetros de análise	Equipamento utilizado
<u>Outra información</u>		
<u>Documentación que deben achegar:</u>		
<input type="checkbox"/> Copia compulsada do certificado do sistema eficaz de garantía de calidade.		

ANEXO V**Lista de residuos admisibles en vertedero**

LER	Denominación
01	Residuos da prospección, extracción de minas e canteiras e tratamentos físicos e químicos de minerais.
0103	Residuos da transformación física e química de minerais metálicos.
010304*	Estériles que xeran ácido procedentes da transformación de sulfuros.
0104	Residuos da transformación física e química de minerais non metálicos.
010407*	Residuos que conteñen substancias perigosas procedentes da transformación física e química de minerais non metálicos.
0105	Lodos e outros residuos de perforacións.
010507	Lodos e residuos de perforacións que conteñen sales de bario distintos dos mencionados nos códigos 01 05 05 e 01 05 06.
010508	Lodos e residuos de perforacións que conteñen cloruros distintos dos mencionados nos códigos 01 05 05 e 01 05 06.
02	Residuos da agricultura, horticultura, acuicultura, silvicultura, caza pesca; preparación e elaboración de alimentos.
0201	Residuos da agricultura, horticultura, acuicultura, silvicultura, caza e pesca.
020108*	Residuos agroquímicos que conteñen substancias perigosas.

LER	Denominación
020109	Residuos agroquímicos distintos dos mencionados no código 02 01 08.
0203	Residuos da preparación e elaboración de froitas, legumes, cereais, aceites comestibles, cacao, café, té e tabaco; produción de conservas; produción de lévedo e extracto de lévedo, preparación e fermentación de melazas.
020302	Residuos de conservantes.
020303	Residuos da extracción con disolventes.
0206	Residuos da industria de panadaría e pastalaría.
020602	Residuos de conservantes.
03	Residuos da transformación da madeira da produción de taboleiros e mobles, pasta de papel, papel e cartón.
0302	Residuos dos tratamentos de conservación da madeira.
030201*	Conservantes da madeira orgánicos non haloxenados.
030202*	Conservantes da madeira organoclorados.
030203*	Conservantes da madeira organometálicos.
030204*	Conservantes da madeira inorgánicos.
030205*	Outros conservantes da madeira que conteñen substancias perigosas.
04	Residuos das industrias do coiro, de pel e téxtil.
0401	Residuos das industrias do coiro e da pel.
040106	Lodos, en particular os procedentes do tratamento <i>in situ</i> de efluentes, que conteñen cromo.
040108	Residuos de pel curtida (esgazaduras, rebaixaduras, retrincos, po de esmerilar) que conteñen cromo.
040109	Residuos de confección e acabamento.
0402	Residuos da industria téxtil.
040215	Residuos do acabado distintos dos especificados no código 04 02 14.
040216*	Colorantes e pigmentos que conteñen substancias perigosas.
040217	Colorantes e pigmentos distintos dos mencionados no código 04 02 16.
05	Residuos da refinación do petróleo, da purificación do gas natural e do tratamento pirolítico do carbón.
0501	Residuos da refinación do petróleo.
050110	Lodos do tratamento <i>in situ</i> de efluentes distintos dos mencionados no código 05 01 09.
050113	Lodos procedentes da auga de alimentación de caldeiras.
050114	Residuos de columnas de refrixeración.
050116	Residuos que conteñen xofre procedentes da desulfuración do petróleo.
050117	Betumes.
0506	Residuos do tratamento pirolítico do carbón.
050604	Residuos de columnas de refrixeración.
0507	Residuos da purificación e transporte do gas natural.
050701*	Residuos que conteñen mercurio.
06	Residuos de procesos químicos inorgánicos.
0602	Residuos da FFDU de bases.
060201*	Hidróxido cálcico
060204*	Hidróxido potásico e hidróxido sódico.
060205*	Outras bases.
0603	Residuos da FFDU de sales e as súas solucións e de óxidos metálicos.
060311*	Sales sólidos e solucións que conteñen cianuros.
060313*	Sales sólidos e solucións que conteñen metais pesados.
060314	Sales sólidos e solucións distintas das mencionadas nos códigos 06 03 11 e 06 03 13.
060315*	Óxidos metálicos que conteñen metais pesados.
060316	Óxidos metálicos distintos dos mencionados no código 06 03 15.
0604	Residuos que conteñen metais distintos dos mencionados no subcapítulo 06 03.
060403*	Residuos que conteñen arsénico.
060404*	Residuos que conteñen mercurio.
060405*	Residuos que conteñen outros metais pesados.
0605	Lodos do tratamento <i>in situ</i> de efluentes.
060502*	Lodos do tratamento <i>in situ</i> de efluentes que conteñen substancias perigosas.
060503	Lodos do tratamento <i>in situ</i> de efluentes distintos dos mencionados no código 06 05 02.
0606	Residuos da FFDU de produtos químicos que conteñen xofre, de procesos químicos do xofre e de procesos de desulfuración.
060602*	Residuos que conteñen sulfuros perigosos.
060603	Residuos que conteñen sulfuros distintos dos mencionados no código 06 06 02.
0607	Residuos da FFDU de halóxenos e de procesos químicos dos halóxenos.
060701*	Residuos de electrólise que conteñen amianto.
060702*	Carbón activo procedente da produción de cloro.
060703*	Lodos de sulfato bórico que conteñen mercurio.
0608	Residuos da FFDU do silicio e os seus derivados.
060802*	Residuos que conteñen clorosilanos perigosos.

LER	Denominación
0609	Residuos da FFDU de produtos químicos que conteñen fósforo e de procesos químicos do fósforo.
060903*	Residuos cálcicos de reacción que conteñen ou están contaminados con substancias perigosas.
060904	Residuos cálcicos de reacción distintos dos mencionados no código 06 09 03.
0610	Residuos da FFDU de produtos químicos que conteñen nitróxeno, de procesos químicos do nitróxeno e da fabricación de fertilizantes.
061002*	Residuos que conteñen substancias perigosas.
0613	Residuos de procesos químicos inorgánicos non especificados noutra categoría.
061301*	Produtos fitosanitarios inorgánicos, conservantes da madeira e outros biocidas.
061303	Negro de fume.
061304*	Residuos procedentes da transformación do amianto.
07	Residuos de procesos químicos orgánicos.
0701	Residuos da fabricación, formulación, distribución e utilización (FFDU) de produtos químicos orgánicos de base.
070107*	Residuos de reacción e de destilación haloxenados.
070112	Lodos do tratamento <i>in situ</i> de efluentes distintos dos especificados no código 07 01 11.
0702	Residuos da FFDU de plásticos, caucho sintético e fibras artificiais.
070209*	Tortas de filtración e absorbentes usados haloxenados.
070212	Lodos do tratamento <i>in situ</i> de efluentes distintos dos especificados no código 07 02 11.
070215	Residuos procedentes de aditivos, distintos dos especificados no código 07 02 14.
070217	Residuos que conteñen siliconas distintas das mencionadas no código 07 02 16.
0703	Residuos da FFDU de colorantes e pigmentos orgánicos (excepto os do subcapítulo 06 11).
070309*	Tortas de filtración e absorbentes usados haloxenados.
070312	Lodos do tratamento <i>in situ</i> de efluentes distintos dos especificados no código 07 03 11.
0704	Residuos da FFDU de produtos fitosanitarios orgánicos (excepto os dos códigos 02 01 03 e 02 01 09), de conservantes da madeira (excepto os do subcapítulo 03 02) e doutros biocidas.
070407*	Residuos de reacción e de destilación haloxenados.
070408*	Outros residuos de reacción e de destilación.
070409*	Tortas de filtración e absorbentes usados haloxenados.
070410*	Outras tortas de filtración e absorbentes usados.
070411*	Lodos do tratamento <i>in situ</i> de efluentes que conteñen substancias perigosas.
070412	Lodos do tratamento <i>in situ</i> de efluentes distintos dos especificados no código 07 04 11.
070413*	Residuos sólidos que conteñen substancias perigosas.
0705	Residuos da FFDU de produtos farmacéuticos.
070507*	Residuos de reacción e de destilación haloxenados.
070512	Lodos do tratamento <i>in situ</i> de efluentes distintos dos especificados no código 07 05 11.
070514	Residuos sólidos distintos dos especificados no código 07 05 13.
0706	Residuos da FFDU de graxas, xabóns, deterxentes, desinfectantes e cosméticos.
070607*	Residuos de reacción e de destilación haloxenados.
070609*	Tortas de filtración e absorbentes usados haloxenados.
070612	Lodos do tratamento <i>in situ</i> de efluentes distintos dos especificados no código 07 06 11.
0707	Residuos da FFDU de produtos químicos resultantes da química fina e produtos químicos non especificados noutra categoría.
070707*	Residuos de reacción e de destilación haloxenados.
070709*	Tortas de filtración e absorbentes usados haloxenados.
070712	Lodos do tratamento <i>in situ</i> de efluentes distintos dos especificados no código 07 07 11.
08	Residuos da fabricación, formulación, distribución e utilización (FFDU) de revestimentos (pinturas, vernices e esmaltes vítreos), ashesivos, seladores e tintas de impresión.
0801	Residuos da FFDU e da decapaxe ou eliminación de pintura e verniz.
080112	Residuos de pintura e verniz distintos dos especificados no código 08 01 11.
080114	Lodos de pintura e verniz distintos dos especificados no código 08 01 13.
080116	Lodos acuosos que conteñen pintura ou verniz distintos dos especificados no código 08 01 15.
080118	Residuos da decapaxe ou eliminación de pintura e verniz distintos dos especificados no código 08 01 17.
0803	Residuos da FFDU de tintas de impresión.
080307	Lodos acuosos que conteñen tinta.
080313	Residuos de tintas distintos dos especificados no código 08 03 12.
080314*	Lodos de tinta que conteñen substancias perigosas.
080315	Lodos de tinta distintos dos especificados no código 08 03 14.
080316*	Residuos de solucións corrosivas.
080317*	Residuos de tónor de impresión que conteñen substancias perigosas.
080318	Residuos de tónor de impresión distintos dos especificados no código 08 03 17.
0804	Residuos da FFDU de adhesivos e seladores (incluíndo produtos de impermeabilización).
080410	Residuos de adhesivos e seladores distintos dos especificados no código 08 04 09.
080412	Lodos de adhesivos e seladores distintos dos especificados no código 08 04 11.
080414	Lodos acuosos que conteñen adhesivos ou seladores distintos dos especificados no código 08 04 13.

LER	Denominación
0805	Residuos non especificados noutra parte do capítulo 08.
080501*	Isocianatos residuais.
09	Residuos da industria fotográfica
0901	Residuos da industria fotográfica.
090106*	Residuos que conteñen prata procedentes do tratamento <i>in situ</i> de residuos fotográficos.
090110	Cámaras dun só uso sen pilas nin acumuladores.
10	Residuos de procesos térmicos.
1001	Residuos de centrais eléctricas e outras instalacións de combustión (excepto os do capítulo 19).
100123	Lodos acuosos, procedentes da limpeza de caldeiras, distintos dos especificados no código 10 01 22.
100125	Residuos procedentes do almacenamento e preparación de combustible de centrais eléctricas de carbón.
100126	Residuos do tratamento da auga de refrixeración.
1002	Residuos da industria do ferro e do aceiro.
100208	Residuos sólidos do tratamento de gases distintos dos especificados no código 10 02 07.
100212	Residuos do tratamento da auga de refrixeración distintos dos especificados no código 10 02 11.
100214	Lodos e tortas de filtración, do tratamento de gases, distintos dos especificados no código 10 02 13.
1003	Residuos da termometalurxia do aluminio.
100302	Fragmentos de ánodos.
100308*	Escouras salinas da produción secundaria.
100309*	Escouras graúdas negras da produción secundaria.
100315*	Escumallos inflamables ou que emiten, en contacto coa auga, gases inflamables en cantidades perigosas.
100316	Escumallos distintos dos especificados no código 10 03 15.
100318	Residuos que conteñen carbono procedentes da fabricación de ánodos, distintos dos especificados no código 10 03 17.
100319*	Partículas, procedentes dos efluentes gasosos, que conteñen substancias perigosas.
100320	Partículas procedentes dos efluentes gasosos, distintas das especificadas no código 10 03 19.
100322	Outras partículas e po (incluído o po de trituración) distintos dos especificados no código 10 03 21.
100324	Residuos sólidos, do tratamento de gases, distintos dos especificados no código 10 03 23.
100326	Lodos e tortas de filtración do tratamento de gases, distintos dos especificados no código 10 03 25.
100328	Residuos do tratamento da auga de refrixeración, distintos dos especificados no código 10 03 27.
100330	Residuos do tratamento de escouras salinas e escouras graúdas negras distintos dos especificados no código 10 03 29.
1004	Residuos da termometalurxia do chumbo.
100401*	Escouras da produción primaria e secundaria.
100402*	Escouras graúdas e escumallos da produción primaria e secundaria.
100403*	Arseniato de calcio.
100404*	Partículas procedentes dos efluentes gasosos.
100405*	Outras partículas e pos.
100410	Residuos do tratamento da auga de refrixeración distintos dos especificados no código 10 04 09.
1005	Residuos da termometalurxia do zinc.
100501	Escouras da produción primaria e secundaria.
100503*	Partículas procedentes dos efluentes gasosos.
100504	Outras partículas e pos.
100505*	Residuos sólidos do tratamento de gases.
100506*	Lodos e tortas de filtración do tratamento de gases.
100508*	Residuos do tratamento da auga de refrixeración que conteñen aceites.
100509	Residuos do tratamento da auga de refrixeración distintos dos especificados no código 10 05 08.
100510*	Escouras graúdas e escumallos inflamables ou que emiten, en contacto coa auga, gases inflamables en cantidades perigosas.
100511	Escouras graúdas e escumallos distintos dos especificados no código 10 05 10.
1006	Residuos da termometalurxia do cobre.
100601	Escouras da produción primaria e secundaria.
100602	Escouras graúdas e escumallos da produción primaria e secundaria.
100603*	Partículas procedentes dos efluentes gasosos
100604	Outras partículas e pos.
100606*	Residuos sólidos do tratamento de gases.
100607*	Lodos e tortas de filtración do tratamento de gases.
100609*	Residuos do tratamento da auga de refrixeración que conteñen aceites.
100610	Residuos do tratamento da auga de refrixeración distintos dos especificados no código 10 06 09.
1007	Residuos da termometalurxia da prata, oro e platino.
100701	Escouras da produción primaria e secundaria.
100702	Escouras graúdas e escumallos da produción primaria e secundaria.
100703	Residuos sólidos do tratamento de gases.
100704	Outras partículas e pos.
100705	Lodos e tortas de filtración do tratamento de gases.

LER	Denominación
100707*	Residuos do tratamento da auga de refrixeración que conteñen aceites.
100708	Residuos do tratamento da auga de refrixeración distintos dos especificados no código 10 07 07.
1008	Residuos da termometalurxia doutros metais non férreos.
100808*	Escouras salinas da produción primaria e secundaria.
100810*	Escouras graúdas ou escumallos inflamables ou que emiten, en contacto coa auga, gases inflamables en cantidades perigosas.
100811	Escouras graúdas e escumallos distintos dos especificados no código 10 08 10.
100812*	Residuos que conteñen alcatrán procedentes da fabricación de ánodos.
100813	Residuos que conteñen carbono procedentes da fabricación de ánodos distintos dos especificados no código 10 08 12.
100814	Fragmentos de ánodos.
100815*	Partículas procedentes dos efluentes gasosos que conteñen substancias perigosas.
100816	Partículas, procedentes dos efluentes gasosos, distintas das especificadas no código 10 08 15.
100817*	Lodos e tortas de filtración do tratamento de gases que conteñen substancias perigosas.
100818	Lodos e tortas de filtración do tratamento de gases distintos dos especificados no código 10 08 17.
100819*	Residuos do tratamento da auga de refrixeración que conteñen aceites.
100820	Residuos do tratamento da auga de refrixeración distintos dos especificados no código 10 08 19.
1009	Residuos da fundición de pezas férreas.
100905*	Machos e moldes de fundición sen coada que conteñen substancias perigosas.
100907*	Machos e moldes de fundición con coada que conteñen substancias perigosas.
100909*	Partículas procedentes dos efluentes gasosos, que conteñen substancias perigosas.
100910	Partículas, procedentes dos efluentes gasosos, distintas das especificadas no código 10 09 09.
100911*	Outras partículas que conteñen substancias perigosas.
100913*	Ligantes residuais que conteñen substancias perigosas.
100915*	Residuos de axentes indicadores de fisuración que conteñen substancias perigosas.
1010	Residuos da fundición de pezas non férreas.
101005*	Machos e moldes de fundición sen coada que conteñen substancias perigosas.
101006	Machos e moldes de fundición sen coada distintos dos especificados no código 10 10 05.
101007*	Machos e moldes de fundición con coada que conteñen substancias perigosas.
101008	Machos e moldes de fundición con coada distintos dos especificados no código 10 10 07.
101009*	Partículas, procedentes dos efluentes gasosos, que conteñen substancias perigosas.
101010	Partículas, procedentes dos efluentes gasosos, distintas das especificadas no código 10 10 09.
101011*	Outras partículas que conteñen substancias perigosas.
101012	Outras partículas distintas das especificadas no código 10 10 11 .
101013*	Ligantes residuais que conteñen substancias perigosas.
101014	Ligantes residuais distintos dos especificados no código 10 10 13.
101015*	Residuos de axentes indicadores de fisuración que conteñen substancias perigosas.
101016	Residuos de axentes indicadores de fisuración distintos dos especificados no código 10 10 15.
1011	Residuos da fabricación do vidro e os seus derivados.
101103	Residuos de materiais de fibra de vidro.
101105	Partículas e po.
101109*	Residuos da preparación de mesturas antes do proceso de cocción que conteñen substancias perigosas.
101110	Residuos da preparación de mesturas antes do proceso de cocción distintos dos especificados no código 10 11 09.
101111*	Residuos de pequenas partículas de vidro e de po de vidro que conteñen metais pesados (por exemplo, de tubos catódicos).
101112	Residuos de vidro distintos dos especificados no código 10 11 11.
101113*	Lodos procedentes do pulimento e esmerilado do vidro que conteñen substancias perigosas.
101114	Lodos procedentes do pulimento e esmerilado do vidro distintos dos especificados no código 10 11 13.
101115*	Residuos sólidos, do tratamento de gases de combustión, que conteñen substancias perigosas.
101116	Residuos sólidos, do tratamento de gases de combustión, distintos dos especificados no código 10 11 15.
101117*	Lodos e tortas de filtración, do tratamento de gases, que conteñen substancias perigosas.
101118	Lodos e tortas de filtración, do tratamento de gases distintos dos especificados no código 10 11 17.
101119*	Residuos sólidos do tratamento <i>in situ</i> de efluentes que conteñen substancias perigosas.
101120	Residuos sólidos, do tratamento <i>in situ</i> de efluentes, distintos dos especificados no código 10 11 19.
1012	Residuos da fabricación de produtos cerámicos, ladrillos, tellas e materiais de construción.
101209*	Residuos sólidos, do tratamento de gases, que conteñen substancias perigosas.
101210	Residuos sólidos, do tratamento de gases, distintos dos especificados no código 10 12 09.
101211*	Residuos da vitrificación que conteñen metais pesados.
101212	Residuos da vitrificación distintos dos especificados no código 10 12 11.
101213	Lodos do tratamento <i>in situ</i> de efluentes.
1013	Residuos da fabricación de cemento, cal e xeso e de produtos derivados.
101307	Lodos e tortas de filtración do tratamento de gases.
101309*	Residuos da fabricación de fibrocemento que conteñen amianto.
101310	Residuos da fabricación de fibrocemento distintos dos especificados no código 10 13 09.

LER	Denominación
101311	Residuos de materiais compostos a partir de cemento distintos dos especificados nos códigos 10 13 09.
101312*	Residuos sólidos, do tratamento de gases, que conteñen substancias perigosas.
1014	Residuos de crematorios.
101401*	Residuos da depuración de gases que conteñen mercurio.
11	Residuos del tratamiento químico de superficie y del recubrimiento de metales y otros materiales; residuos de la hidrometalurgia no férrea.
1101	Residuos do tratamento químico de superficie e do recubrimiento de metais e outros materiais (por exemplo, procesos de galvanización, procesos de recubrimiento con zinc, procesos de decapaxe, gravado, fosfatación, desengraxamento alcalino e anodización).
110108*	Lodos de fosfatación.
110109*	Lodos e tortas de filtración que conteñen substancias perigosas.
110110	Lodos e tortas de filtración distintos dos especificados no código 11 01 09.
110113*	Residuos de desengraxamento que conteñen substancias perigosas.
110114	Residuos de desengraxamento distintos dos especificados no código 11 01 13.
110115*	Eluatos e lodos, procedentes de sistemas de membranas ou de intercambio iónico, que conteñen sustancias perigosas.
110116*	Resinas intercambiadoras de ións saturadas ou usadas.
110198*	Outros residuos que conteñen substancias perigosas.
1102	Residuos de procesos hidrometalúrxicos non férreos.
110202*	Lodos da hidrometalurxia do zinc (incluídas xarosita e goethita).
110203	Residuos da produción de ánodos para procesos de electrólise acuosa.
110205*	Residuos de procesos da hidrometalurxia do cobre que conteñen substancias perigosas.
110206	Residuos de procesos da hidrometalurxia do cobre distintos dos especificados no código 11 02 05.
110207*	Outros residuos que conteñen substancias perigosas.
1103	Lodos e sólidos de procesos de tempero.
110301*	Residuos que conteñen cianuro.
110302*	Outros residuos.
1105	Residuos de procesos de galvanización en quente.
110503*	Residuos sólidos do tratamento de gases.
110504*	Fundentes usados.
12	Residuos do moldeado e do tratamento físico e mecánico de superficie de metais e plásticos
1201	Residuos do moldeado e tratamento físico e mecánico de superficie de metais e plásticos.
120115	Lodos de mecanizado distintos dos especificados no código 12 01 14.
120116*	Residuos de granallado ou chorreado que conteñen substancias perigosas.
120117	Residuos de granallado ou chorreado distintos dos especificados no código 12 01 16.
120118*	Lodos metálicos (lodos de esmerilado, rectificación e lapeado) que conteñen aceites.
120120*	Moas e materiais de esmerilado usados que conteñen substancias perigosas.
1203	Residuos dos procesos de desengraxamento con auga e vapor (excepto os do capítulo 11).
120302*	Residuos de desengraxamento ao vapor.
13	Residuos de aceites e combustibles líquidos (excepto os aceites comestibles e os dos capítulos 05, 12 e 19).
14	Residuos de disolventes, refrixerantes e propelentes orgánicos (excepto os dos capítulos 07 e 08).
1406	Residuos de disolventes, refrixerantes e propelentes de espuma e aerosois orgánicos.
140604*	Lodos ou residuos sólidos que conteñen disolventes haloxenados.
140605*	Lodos ou residuos sólidos que conteñen outros disolventes.
15	Residuos de envases; absorbentes, trapos de limpeza, materiais de filtración e roupas de protección non especificados noutra categoría
1501	Envases (incluídos os residuos de envases da recolla selectiva municipal).
150111*	Envases metálicos, incluídos os recipientes a presión baleiros, que conteñen unha matriz porosa sólida perigosa (por exemplo, amianto).
1502	Absorbentes, materiais de filtración, trapos de limpeza e roupas protectoras.
150203	Absorbentes, materiais de filtración, trapos de limpeza e roupas protectoras distintos dos especificados no código 15 02 02.
16	Residuos non especificados noutro capítulo da lista
1601	Vehículos de diferentes medios de transporte (incluídas as máquinas non de estrada) ao final da súa vida útil e residuos de desmantelamento de vehículos ao final da súa vida útil e do mantemento de vehículos (excepto os dos capítulos 13 e 14 e os subcapítulos 16 06 e 16 08).
160108*	Compoñentes que conteñen mercurio.
160109*	Compoñentes que conteñen PCB.
160111*	Zapatas de freo que conteñen amianto.
160121*	Compoñentes perigosos distintos dos especificados nos códigos 16 01 07 a 16 01 11, 16 01 13 e 16 01 14.
1602	Residuos de equipamentos eléctricos e electrónicos.
160212*	Equipamentos desbotados que conteñen amianto libre.
160215*	Compoñentes perigosos retirados de equipamentos desbotados.
1603	Lotes de produtos fóra de especificación e produtos non utilizados.
160303*	Residuos inorgánicos que conteñen substancias perigosas.
160304	Residuos inorgánicos distintos dos especificados no código 16 03 03.
160306	Residuos orgánicos distintos dos especificados no código 16 03 05.
1605	Gases en recipientes a presión e produtos químicos desbotados.

LER	Denominación
160506*	Produtos químicos de laboratorio que consisten en, ou conteñen, substancias perigosas, incluídas as mesturas de produtos químicos de laboratorio.
160507*	Produtos químicos inorgánicos desbotados que consisten en, ou conteñen, substancias perigosas.
160509	Produtos químicos desbotados distintos dos especificados nos códigos 16 05 06, 16 05 07 ou 16 05 08.
1608	Catalizadores usados
160802*	Catalizadores usados que conteñen metais de transición (5) perigosos ou compostos de metais de transición perigosos.
160805*	Catalizadores usados que conteñen ácido fosfórico.
160807*	Catalizadores usados contaminados con substancias perigosas.
1611	Residuos de revestimentos de fornos e de refractarios.
161102	Revestimentos e refractarios a partir de carbono, procedentes de procesos metalúrxicos, distintos dos especificados no código 16 11 01.
161103*	Outros revestimentos e refractarios, procedentes de procesos metalúrxicos, que conteñen substancias perigosas.
161104	Outros revestimentos e refractarios procedentes de procesos metalúrxicos, distintos dos especificados no código 16 11 03.
161105*	Revestimentos e refractarios, procedentes de procesos non metalúrxicos, que conteñen substancias perigosas.
161106	Revestimentos e refractarios procedentes de procesos non metalúrxicos, distintos dos especificados no código 16 11 05.
17	Residuos da construción e demolición (incluída a terra escavada de zonas contaminadas).
1701	Formigón, ladrillos, tellas e materiais cerámicos.
170106*	Mesturas, ou fraccións separadas, de formigón, ladrillos, tellas e materiais cerámicos, que conteñen substancias perigosas.
1704	Metais (incluídas as súas aliaxes).
170409*	Residuos metálicos contaminados con substancias perigosas.
1706	Materiais de illamento e materiais de construción que conteñen amianto.
170601*	Materiais de illamento que conteñen amianto.
170603*	Outros materiais de illamento que consisten en, ou conteñen, substancias perigosas.
170605*	Materiais de construción que conteñen amianto (6).
1708	Materiais de construción a partir de xeso.
170801*	Materiais de construción a partir de xeso contaminados con substancias perigosas.
1709	Outros residuos de construción e demolición.
170901*	Residuos de construción e demolición que conteñen mercurio.
170902*	Residuos de construción e demolición que conteñen PCB (por exemplo, seladores que conteñen. PCB, revestimentos de piso a partir de resinas que conteñen PCB, vidros dobres que conteñen PCB, condensadores que conteñen PCB).
18	Residuos de servizos médicos ou veterinarios ou de investigación asociada (salvo os residuos de cociña e de restaurante non procedentes directamente da prestación de coidados sanitarios).
1801	Residuos de maternidades, do diagnóstico, tratamento ou prevención de enfermidades humanas.
180104	Residuos dos que a recolla e eliminación non é obxecto de requisitos especiais para previr infeccións
180106*	Produtos químicos que consisten en, ou conteñen, substancias perigosas.
180107	Produtos químicos distintos dos especificados no código 18 01 06.
1802	Residuos da investigación, diagnóstico, tratamento ou prevención de enfermidades de animais.
180203	Residuos dos que a recolla e eliminación non é obxecto de requisitos especiais para previr infeccións.
180205*	Produtos químicos que consisten en, ou conteñen, substancias perigosas.
180206	Produtos químicos distintos dos especificados no código 18 02 05.
19	Residuos das instalacións para o tratamento de residuos, das plantas externas de tratamento de augas residuais e da preparación de auga para consumo humano e de auga para uso industrial.
1901	Residuos da incineración ou pirólise de residuos.
190105*	Torta de filtración do tratamento de gases.
190107*	Residuos sólidos do tratamento de gases.
190110*	Carbón activo usado procedente do tratamento de gases.
190111*	Cinzas de fondo de forno e escouras que conteñen substancias perigosas.
190112	Cinzas de fondo de forno e escouras distintas das especificadas no código 19 01 11,
190113*	Cinzas voantes que conteñen substancias perigosas.
190114	Cinzas voantes distintas das especificadas no código 19 01 13.
190115*	Po de caldeira que contén substancias perigosas.
190116	Po de caldeira distinto do especificado no código 19 01 15.
190117*	Residuos de pirólise que conteñen substancias perigosas.
190118	Residuos de pirólise distintos dos especificados no código 19 01 17.
190119	Areas de leitos fluidizados.
1902	Residuos de tratamentos físico-químicos de residuos (incluídas a descromatación, descianuración e
190203	Residuos mesturados previamente, compostos exclusivamente por residuos non perigosos.
190204*	Residuos mesturados previamente, compostos por, cando menos, un residuo perigoso.
190205*	Lodos de tratamentos físico-químicos que conteñen substancias perigosas.
190206	Lodos de tratamentos físico-químicos distintos dos especificados no código 19 02 05.
190209*	Residuos combustibles sólidos que conteñen substancias perigosas.
190211*	Outros residuos que conteñen substancias perigosas.

LER	Denominación
1903	Residuos estabilizados/solidificados (7).
190304*	Residuos perigosos parcialmente(7) estabilizados
190305	Residuos estabilizados distintos dos especificados no código 19 03 04.
190306*	Residuos perigosos solidificados.
190307	Residuos solidificados distintos dos especificados no código 19 03 06.
1904	Residuos vitrificados e residuos da vitrificación.
190401	Residuos vitrificados.
190402*	Cinzas voantes e outros residuos do tratamento de gases.
190403*	Fase sólida non vitrificada.
1908	Residuos de estacións de tratamento de augas residuais non especificados noutra categoría.
190801	Residuos de criba.
